


# ORDENANZAS FISCAIS DO CONCELLO DE BUEU

# Índice

*Pax.*


| | |
|---|---|
| Ordenanza Fiscal 1 do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) | 3 |
| Ordenanza Fiscal 2 do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) | 7 |
| Ordenanza Fiscal 3 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) | 12 |
| Ordenanza Fiscal 4 do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) | 19 |
| Ordenanza Fiscal 5 do Imposto sobre o Incrementos de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) | 31 |
| Ordenanza Fiscal 6 da Taxa pola Prestación do Servizo de Mercado Municipal de Abastos | 35 |
| Ordenanza Fiscal 7 da Taxa pola Licencia de Autotaxi | 38 |
| Ordenanza Fiscal 8 da Taxa pola Actividade Administrativa para Apertura | 41 |
| Ordenanza Fiscal 9 da Taxa pola Prestación do Servicio de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais | 47 |
| Ordenanza Fiscal 10 da Taxa polo Servicio de Subministración de Auga Potable | 50 |
| Ordenanza Fiscal 11 reguladora da Taxa pola Prestación de Servizos Urbanísticos | 53 |
| Ordenanza Fiscal 12 reguladora da Taxa pola Expedición de Documentos Administrativos | 57 |
| Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar | 62 |
| Ordenanza Fiscal 14 da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local | 77 |
| Ordenanza Fiscal 15 da Taxa pola Prestación de Servizos dos Cemiterios | 86 |
| Ordenanza Fiscal 16 da Taxa por Aproveitamento Especial con Caixeiros Automáticos | 89 |
| Ordenanza Fiscal 17 da Taxa de Aproveitamentos Especiais | 93 |
| Ordenanza Fiscal da Taxa pola Celebración de Matrimonios Civís | 98 |
| Ordenanza Fiscal da Taxa por Actividades e Servizos Relacionados coa Hixiene Pública | 103 |

# Ordenanza Fiscal 1 do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), publicada no BOPdePo Núm. 12, de mércores 18/01/2017

BOPPO | BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Mércores, 18 de xaneiro de 2017 | Nº 12

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## BUEU

### Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS*

Aprobado provisionalmente o novo articulado das ordenanzas fiscais nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e nº 4 reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras, nº 12 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada con data 07.11.2016 nos seguintes termos:

### ORDENANZA FISCAL Nº 1
### REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

**Artigo 1. Natureza e fundamento**

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no artigo 60 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 72 da citada norma a ordenación do imposto sobre bens inmobles rexerase polo disposto no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais en concordancia co disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

**Artigo 2. Tipo de gravame. Recargo por inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente**

Os tipos de gravame aplicables no Concello de Bueu quedan fixados nos seguintes termos:

- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será o 0,45 %
- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será o 0,3 %.
- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será o 0,715 %.

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumplir as condicións que se determinen regulamentariamente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto do 50 %. O recargo devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmoble, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

**Artigo 3. Bonificación**

Terán dereito a unha bonificación do 75 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxeto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederase a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivoseguinte aquel en que se solicite. Unha vez esgotada a bonificación do 50 %, estas vivendas gozarán durante tres ejercicios mais dunha bonificación do 50 % na cota íntegra

Terán dereito a unha bonifi  ación do 95 % na cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

Os suxeitos pasivos, –pai, nai ou titor- que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto dos inmobles de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

a) O empadroamento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade familiar. O Concello constatará de oficio o empadroamento dos membros da unidade familiar no inmoble obxecto da solicitude.

b) A condición e categoría de familia numerosa por medio de título oficial vixente.

c) A suma dos importes das bases impoñibles xerais dos membros da unidade familiar, no exercicio fiscal anterior, deberá ser igual ou inferior “per cápita” a 6.000 €. As

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

bases impoñibles xerais "per cápita" calcularánse dividindo a suma dos importes das bases impoñibles xerais dos membros da unidade familiar entre o número de integrantes da mesma. No caso dalgún integrante cun grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas (2) persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

d) Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala, con periodicidade anual, os suxeitos pasivos ata o 31 de xaneiro do ano no que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

— Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efectos a bonificación ou copia compulsada
— Certificado de discapacidade se é o caso ou copia compulsada.
— Declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do ano anterior ó da solicitude da bonificación. De non ter a obriga de realizala, certificación da A.E.A.T. acreditativa do devandito extremo, ou copia compulsada da devandita documentación

Cada ano e con anterioridade 31 de xaneiro, deberá comunicarse ao Concello, o mantemento das condicións esixidas para a devandita bonifica ión, xunto con copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal. Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titu .

No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

**Artigo 3 bis.Exencións**

Ademáis dos inmobles previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 62 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 6€ así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 6€.

**Artigo 4. Infraccións e sancións**

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello e publicada no Boletín Oficial da Provincia, ó día 1 de Xaneiro do 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

# Ordenanza Fiscal 2 do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), publicada no BOPdePo Núm. 248, de martes 28/12/2004

De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 72 da citada norma a ordenación do imposto sobre bens inmobles rexerase polo disposto no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais en concordancia co disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

*Artigo 2. Tipo de gravame. Recargo por inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente.*

Os tipos de gravame aplicables no Concello de Bueu quedan fixados nos seguintes termos:

— O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será o 0,4 %.

— O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será o 0,3 %.

— O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será o 0,715 %.

Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumplir as condicións que se determinen regulamentariamente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto do 50 %. O recargo devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmoble, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

*ARTIGO 3. BONIFICACIÓNS*

Terán dereito a unha bonificación do 75 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxeto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederase a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivoseguinte aquel en que se solicite. Unha vez esgotada a bonificación do 50 %, estas vivendas gozarán durante tres ejercicios mais dunha bonificación do 50 % na cota íntegra.

*ARTIGO 4. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real establecido con carácter obligatorio no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).

De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 59.1 a ordenación do imposto sobre actividades económicas rexerase polo disposto nos artigos 78 a 91 do TRLRFL, polas normas que os complementen e desenrolen, e pola presente Ordenanza Fiscal.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

O feito impoñible deste imposto está constituido polo mero exercicio en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exerzánse ou non en local determinado e estean ou non especificados nas tarifas do imposto. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supón a ordeación por conta propia de medios de producción e de recursos humanos, ou de un deles coa finalidade de intervir na producción e distribución de bens e servicios. Ós efectos da definición concreta do feito impoñible estarase ó disposto no artigo 78 do TRLRFL, no Real Decreto Legislativo 1175/1990 de 28 de setembro e no Real Decreto Legislativo 1259/1991 de 2 de outubro que aproban as tarifas e instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas.

O exercicio das actividades gravadas comprobarase por calquera medio admisible en dereito, polos contemplados no artigo 3 do Código de Comercio.

*ARTIGO 3. NON SUXEICION*

Non constitúe feito impoñible deste imposto o exercicio das seguintes actividades:

- A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que figurasen debidamente inventariados como tal inmobilizado, con máis de dous anos de antelación á data de transmisión, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor, sempre que os tiñesen utilizado durante igual período de tempo.

- A venda dos productos que se reciben en pago de traballos persoais ou servicios profesionais.

- A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento. Pola contra, estará suxeita ó imposto, a exposición de artigos para regalo ós clientes.

- Cando se trate de venda ó miúdo, a realización dun só acto ou operación illada.

- As actividades agrícolas, gandeiras dependentes, forestais e as pesqueiras.

*ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos deste imposto as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que originan o feito impoñible.

*ARTIGO 5. EXENCIONS*

1. As exencións no Imposto sobre Actividades Económicas serán as reguladas no artigo 82 do TRLRFL.

2. Ós efectos da exención prevista no apartado b) do punto 1, estaráse ó seguinte:

— Non se entenderá que se produce o inicio do exercicio dunha actividade cando a mesma se desenvolvera anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderáque concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

— Entenderase, igualmente, que a actividade era exercida anteriormente baixo outra titularidade, nos seguintes supostos:

a) transformación de sociedades.

b) que o titular que se da de alta sucedera a explotación da actividade a un familiar vinculado a el por liña directa u colateral ata o segundo grado en consanguinidade ou afinidade.

c) cando o titular que se da de alta fose unha Comunidade de Bens ou Sociedade, na que os comuneiros ou socios exerceran anteriormente unha actividade empresarial das comprendidas na sección 1ª das tarifas.

— Os efectos do outorgamento desta bonificación, entenderase que o suxeito pasivo non inicia a actividade nos seguintes supostos, entre outros:

a) cando a alta sexa consecuencia dun cambio nun epígrafe a outro dentro das actividades clasificadas na sección 1ª das Tarifas,sexa este cambio voluntario, por imperativo legal ou para emendar unha cualificación anteriormente errónea.

b) cando a alta signifique unha ampliación de actividade empresarial por estar xa de alta en algún epígrafe da Sección 1ª das Tarifas.

c) cando a alta sexa consecuencia da apertura dun novo local afecto a unha actividade que xa se está exercendo.

3. A exención por inicio de actividade regulada no presente apartado b) será de aplicación ós suxeitos pasivos que inicien o exercicio da actividade a partir do 1 de xaneiro de 2003.

4. Os suxeitos pasivos a que se refiren os parágrafos a), d), g) e h) do artigo 82.1 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

5. As exencións previstas nos parágrafos b), e) e f) do citado artigo 82.1 terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

*ARTIGO 6. BONIFICACIONS OBRIGATORIAS E POTESTATIVAS*

1. Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as bonificacións de carácter obligatorio previstas no artigo 88.1 do TRLRFL.

2. A presente Ordenanza Fiscal establece as seguintes bonificacións potestativas ó amparo do disposto no artigo 88.2 e 88.3 do TRLRFL:

a) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, e tributen por cota municipal, gozarán trala exención regulada no artigo 82.1.b), durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación do 30 %. Para poder gozar desta bonificación requísese que a actividade económica non fora exercida anteriormente nos termos establecidos no TRLRFL e do artigo 3.2 desta Ordenanza. O período de aplicación desta bonificación caducará transcurridos cinco anos desde o remate da exención prevista no artigo 82.1.b) do TRLRFL.

b) Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10 %, ou porcentaxe superior, o promedio do seu cadro de persoal de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo inmediato anterior ó de aplicación da bonificación en relación co período anterior a aquél, terán unha bonificación do 25 % na cota do imposto.

3. Os suxeitos pasivos que consideren ter dereito á bonificación por inicio de actividade recollida no apartado anterior 2.a) e cumplan tódos os requisitos establecidos a tal efecto, presentarán solicitude expresa de bonificación achegando:

— Declaración xurada de non ter ejercido actividade empresarial con anterioridade nin suceder na actividade a familiar vinculado a él por liña directa ou colateral ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

— Escritura de constitución para o caso de Sociedades e Comunidades de Bens.

A concesión deste beneficio fiscal surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule.

4. As bonificacións potestativas reguladas neste artigo aplicaranse de forma simultánea e sucesiva.

*ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA*

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto o coeficiente de ponderación establecido no punto 2 deste artigo e, no seu caso, o coeficiente de situación previstas no punto 3 deste artigo.

2. Sobre as cotas determinadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios, tal e como se define no artigo 82.1.c) do TRLRFL, do suxeito pasivo de cordo co seguinte cadro:

| *Importe neto de cifra de negocio. (€)* | *coeficiente* |
|---|---|
| De 1.000.000,00 hata 5.000.000,00 | 1,29 |
| De 5.000.000,00 hasta 10.000.000,00 | 1,30 |
| De 10.000.000,00 hasta 50.000.000,00 | 1,32 |
| De 50.000.000,00 hasta 100.000.000,00 | 1,33 |
| Más de 100.000.000,00 | 1,35 |
| Sin cifra neta de negocio | 1,31 |

3. De conformidade co previsto no artigo 87 do TRLRFL, sobre as cotas municipais de tarifa incrementadas pola aplicación do coeficiente de ponderación recollido no apartado 2 anterior, o Concello de Bueu establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo á categoría da rúa en que radique:

| *Categoría da rúa* | *Coeficiente de situación* |
|---|---|
| 1ª | 1,95 |
| 2ª | 1,80 |

Os efectos da clasificación establecida entenderase por:

Categoría 1ª. O casco urbán de Bueu e o resto do municipio non comprendido na categoría 2ª.

Categoría 2ª. A zona comprendida nas parroquias de Cela, Beluso e Hermelo.

4. Para a determinación do coeficiente de situación, cando sexan varias as vías públicas a que dea a fachada dun establecemento ou local, tomarase o coeficiente que corresponda á vía de categoría superior, sempre que nesta exista, aínda en forma de chaflán, acceso directo de de normal utilización ó recinto.

No suposto de que, por atoparse en sotos, prantas interiores, etc., os establecementos ou locais carezan propiamente de fachadas á rúa, aplicarase o coeficiente de situación correspondente á rúa onde se atope o lugar de entrada ou acceso principal.

5. Se unha mesma actividade se exerce en varios locais, o suxeito pasivo estará obrigado a satisfacer tantas cotas como locais nos que exerza a actividade. Se nun mesmo local se exercen varias actividades, satisfará tantas cotas como actividades realice, aínda que o titular de estas fose a mesma persoa ou entidade.

*ARTIGO 8. PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO*

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, que abarcará dende a data de comenzo da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincide co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluido o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e en caso de baixa por cese de actividade, as ctas serán prorrateadas por trimestres naturais, excluíndo aquel no que se produza dito cese. Os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte proporcional de cota relativa ós trimestres nos que non se tivera exercido a actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas.

*ARTIGO 9. XESTION*

1. O imposto xestionase a partir da matrícula deste. Dita matrícula formarase anualmente e estará constituida por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, do recargo provincial. A formación da matrícula do imposto, a calificación das actividades económicas, o sinalamento das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión censal do tributo levarase a cabo pola Administración Tributaria do Estado.

2. O Concello publicará o anuncio de exposición pública da matrícula no Boletín Oficial da Provincia en un dos diarios de maior difusión. A matrícula estará a disposición do público nas oficinas municipais.

3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, ante a Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as correspondentes declaracións censais de alta manifestando tódolos elementos necesarios para a súa inclusión na Matrícula nos termos establecidos no artigo 90.1 do TRLRFL e dentro do prazo que regulamentariamente se estableza. A continuación a Administración Tributaria do Concello practicará e notificará a liquidación procedente.

4. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar á Delegación da Axencia Estatal, as variacións de orde físico, económico ou jurídico que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia a efectos deste imposto. Formalizará estas comunicacións nos prazos e termos regulamentaios determinados.

5. O prazo de presentación das declaracións de alta será de dez días hábiles inmediatamente anteriores ó inicio da actividade.

6. En particular, os suxeitos pasivos ós que non lles sexa de aplicación a exención prevista no artigo 82.1.c) do TRLRFL deberán comunicar á Axencia Estatal da Administración Tributaria o importe neto da súa cifra de negocios. Así mesmo, os suxeitos pasivos deberán comunicar, as variacións que se produzan no importe neto da súa cifra de negocios cando tal variación supoña a modificación da aplicación ou non da exención prevista no artigo 82.1.c) ou unha modificación no tramo a considerar a efectos da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do TRLRFL. O Ministro de Facenda establecerá os supostos en que deberán presentarse estas comunicacións, o seu contido e o seu prazo e forma de presentación, así como os supostos en que haberán de presentarse por vía telemática.

7. Contra os actos de inclusión, exclusión, alteración de datos, cualificación de actividades e sinalamento de cotas, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante a Administración Tributaria do Estado que corresponda ou reclamación económico administrativa. As modificacións de matrícula por causa de estimación de recursos de reposición haberán de ser comunicadas o Concello antes do día 31 de xullo do exercicio a que se refira a matrícula.

8. O Concello de Bueu ten asumido, por delegación, as funcións de Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, de conformidade co disposto no Real Decreto 566/1992 de 29 de maio, polo que se modifica o artigo 17 do Real Decreto 1172/1991 de 26 de xullo, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto de Actividades Económicas. Estableceranse fórmulas de colaboración ca Administración Tributaria do Estado para os cometidos de Inspección.

9. O Concello é competente para a liquidación e recadación deste imposto, así como da revisión de actos dictados en vía de xestión tributaria, comprendendo as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, de realización de liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, recepción de autoliquidacións, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución de recursos que se interpoñen contra estes actos e actuacións para información e asistencia ó contribuinte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo

10. Contra os actos dictados en vía de xestión tributaria relacionados no parágrafo anterior, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante o Concello no prazo dun mes contado desde a data de notificación ou da publicación do BOP.

*ARTIGO 10. INFRANCIONS E SANCIONS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

De conformidade co disposto na Disposición Transitoria 7ª da Lei 51/2002 de 27 de decembro, os suxeitos pasivos que, con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003 tiveran recoñecidas as bonificacións reguladas anteriormente no Real Decreto 1175/1990, continuarán disfrutándoas nos termos vixentes ó tempo do inicio do seu disfrute, ata o remate do seu correspondente período de aplicación.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo establecido con carácter obligatorio no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).

De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 59.1 a ordenación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica rexerase polo disposto nos artigos 92 a 99 do TRLRFL, polas normas que os complementen e desenrolen, e pola presente Ordenanza Fiscal.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica e un tributo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nestos. Ós efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:

- Os vehículos que tendo causado baixa nos rexistros por antiguedade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certamen ou carreiras limitadas ós desta naturaza.
- Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica con carga útil non superior a 750 kilogramos.

*Artigo 3. Suxeitos pasivos.*

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

*ARTIGO 4. EXENCIONS*

1. As exencións no imposto sobre vehículos de tracción mecánica son as reguladas no artigo 93.1 do TRLRFL.

2. Para poder aplicar as exencións que recollen os parágrafos e) e g) do artigo 93.1, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite, nos termos que se establezcan ó efecto, a súa concesión.

3. En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do apartado e) anterior *"Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados o seu transporte"*, o interesado deberá aportar o certificado da minusvalía emitido polo órgano competente e justificar o destino presentando unha declaración na que se especifique que o vehículo será conducido pola persoa con discapacidade ou ben será destinado o seu transporte.

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

1. As diferentes cuotas do presente imposto correspondientes a cada una das categorías de vehículos serán o resultado de multiplicar as tarifas básicas establecidas no artigo 95 do TRLRFL polos coeficientes que a continuación se detallan no cadro seguinte.

2. Sen perjuicio das modificacións que se poidan practicar mediante Leis de Ornamentos Xerais do Estado, as cotas serán as seguintes:

| *POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO* | *TARIFAS BÁSICAS* | *COEFICIENTE* | *COTA* |
|---|---|---|---|
| A) TURISMOS | | | |
| de menos de 8 cabalos fiscais | 12,62 | 1,2 | 15,14 |
| de 8 hasta 11,99 cabalos fiscais | 34,04 | 1,2 | 40,85 |
| de 12 hasta 15,99 cabalos fiscais | 71,94 | 1,2 | 86,33 |
| de 16 hasta 19,99 cabalos fiscais | 89,61 | 1,2 | 107,53 |
| de 20 cabalos fiscais en adiante | 112,00 | 1,2 | 134,40 |
| B) AUTOBUSES | | | |
| de menos de 21 prazas | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| de 21 a 50 prazas | 118,64 | 1,2 | 142,37 |
| de mais de 50 prazas | 148,30 | 1,2 | 177,96 |
| C) CAMIÓNS | | | |
| de menos de 1000 kg de carga útil | 42,28 | 1,2 | 50,74 |
| de 1000 a 2999 kg de carga útil | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| de mais de 2999 kg de carga útil | 118,64 | 1,2 | 142,37 |
| de mais de 9999 kg de carga útil | 148,30 | 1,2 | 177,96 |
| D) TRACTORES | | | |
| de menos de 16 cabalos fiscais | 17,67 | 1,2 | 21,20 |
| de 16 a 25 cabalos fiscais | 27,77 | 1,2 | 33,32 |
| de mais de 25 cabalos fiscais | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| E) REMOLQUES E SEMIREMOLQUES | | | |
| de menos de 1000 e mais de 750 kg | 17,67 | 1,2 | 21,20 |
| de 1000 a 2999 kg de carga útil | 27,77 | 1,2 | 33,32 |
| de mas de 2999 kg de carga útil | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| F) OUTROS VEHÍCULOS | | | |
| ciclomotores | 4,42 | 1,2 | 5,30 |
| motocicletas hasta 125 cc. | 4,42 | 1,2 | 5,30 |
| moticicletas de mas de 125 hasta 250 cc. | 7,57 | 1,2 | 9,08 |
| motocicletas de mas de 250 hasta 500 cc. | 15,15 | 1,2 | 18,18 |
| motocicletas de mas de 500 hasta 1000 cc. | 30,29 | 1,2 | 36,35 |
| motocicletas de mas de 1000 cc. | 60,58 | 1,2 | 72,70 |

3. Para aplicar as tarifas anteriores estarase ó disposto no Real Decreto 2282/1998, de 23 de decembro, que aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

# Ordenanza Fiscal 3 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), publicada no BOPdePo Núm. 12, de mércores 18/01/2017

## ORDENANZA FISCAL Nº 3
## REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

### Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo establecido con carácter obrigatorio e regulado nos artigos 92 a 99, ambos inclusive, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Este imposto grava a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causen baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrículas turísticas.
3. Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

### Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

### Artigo 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. As exencións no imposto sobre vehículos de tracción mecánica son as reguladas no artigo 93.1 do TRLRFL.
2. Para poder aplicar as exencións que recollen os parágrafos e) primeiro parágrafo e g) do artigo 93.1, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa martrícula e a causa do seu beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión. As exencións fornecerán efectos desde o período impositivo

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

seguinte a aquel no que se soliciten sempre que, previamente, reúnan as condicións e acrediten ante o Concello os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do apartado e) anterior pola cal están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. O interesado deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino presentando unha declaración na que se especifique que o vehículo será conducido pola persoa con discapacidade ou ben será destinado o seu transporte.

3. Terán unha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto os vehículos catalogados como "históricos" polo organismo competente.

4. Os vehículos automóbiles das clases: turismo, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, motocicletas e ciclomotores, gozarán, nos termos que se dispoñen no seguinte apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función da clase de carburante utilizado, das características do motor e da súa incidencia no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos que se especifican a continuación:

   a) Que se trate de vehículos que non sexan de combustión interna (eléctricos, de pila de combustible ou de emisións directas nulas), vehículos híbridos enchufables PHEV (Plug in Hybrid Vehicle) ou vehículos eléctricos de rango estendido.

   b) Que se trate de vehículos que, segundo a súa homologación de fábrica, utilicen o gas ou o bioetanol ou sexan de tecnoloxía híbrida con dispositivos catalizadores, axeitado á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

5. De acordo co preceptuado no apartado anterior, os vehículos ós que se refire o mesmo gozarán, indefinidamente, desde a data da súa primeira matriculación dunha bonificación na cota do imposto do 75%.

6. A bonificación á que se refire a letra b) do apartado 4 será aplicable aos vehículos que se adapten para a utilización do gas como combustible, cando este fose distinto do que lle corresponde segundo a súa homologación de fábrica, previo cumprimento da Inspección Técnica de Vehículos (ITV) prevista ao efecto na lexislación vixente.

   O dereito ás bonificacións reguladas neste apartado, contarase desde o período impositivo seguinte a aquel no que se produza a adaptación do vehículo.

7. As bonificacións previstas nos apartados 3 e 4 anteriores terán carácter rogado e fornecerán efectos desde o período impositivo seguinte a aquel no que se soliciten sempre que, previamente, reúnan as condicións e acrediten ante o Concello o

cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Ditas bonificacións poderán solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos períodos de duración das mesmas a que se refire o apartado 5 do presente artigo.

No entanto, a bonificación regulada no apartado 4 , poderá fornecer efectos no exercicio corrente, respecto dos vehículos que sexan alta no tributo como consecuencia da súa matriculación e autorización para circular, sempre que a solicitude se formule no momento da presentación-ingreso da correspondente autoliquidación, sen prexuízo da oportuna comprobación pola Administración municipal.

Para poder gozar da bonificación prevista no apartado 3 do presente artigo, os interesados deberán presentar a oportuna solicitude adxuntando a documentación acreditativa da catalogación do vehículo como histórico dacordo co Real decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de vehículos históricos, e na normativa autonómica de aplicación, no caso de Galicia a Orde do 17 de xuño de 1996, pola que se establecen os requisitos para a acreditación de laboratorios oficiai  de vehículos históricos e a catalogación dos citados vehículos.

Para poder gozar da bonificación prevista no apartado 4 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión presentado a oportuna solicitude adxuntando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. As solicitudes, coa documentación adxunta, serán informadas polo Departamento municipal de urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión que, valorando que reúnan os requisitos esixidos, formularán o informe sobre a súa concesión. No seu defecto poderá ser solicitado informe pericial de parte que xustifique a concurrencia dos requisitos técnicos necesarios para a inclusión do vehículo nos supostos de bonificación previstos no citado apartado 4

**Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA**

1. As diferentes cotas do imposto correspondentes a cada unha das categorías de vehículos serán o resultado de multiplicar as tarifas básicas establecidas no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polos coeficientes que se detallan a continuación:

| POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO | TARIFAS BÁSICAS | COEFICIENTE | COTA |
|---|---|---|---|
| **A) TURISMOS** | | | |
| de menos de 8 cabalos fiscai | 12,62 | 1,2 | 15,14 |
| de 8 hasta 11,99 cabalos fiscai | 34,04 | 1,2 | 40,85 |
| de 12 hasta 15,99 cabalos fiscai | 71,94 | 1,2 | 86,33 |
| de 16 hasta 19,99 cabalos fiscai | 89,61 | 1,2 | 107,53 |
| de 20 cabalos fiscais en adiant | 112,00 | 1,2 | 134,40 |

| POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO | TARIFAS BÁSICAS | COEFICIENTE | COTA |
|---|---|---|---|
| **B) AUTOBUSES** | | | |
| de menos de 21 prazas | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| de 21 a 50 prazas | 118,64 | 1,2 | 142,37 |
| de mais de 50 prazas | 148,30 | 1,2 | 177,96 |
| **C) CAMIÓNS** | | | |
| de menos de 1000 kg de carga útil | 42,28 | 1,2 | 50,74 |
| de 1000 a 2999 kg de carga útil | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| de mais de 2999 kg de carga útil | 118,64 | 1,2 | 142,37 |
| de mais de 9999 kg de carga útil | 148,30 | 1,2 | 177,96 |
| **D) TRACTORES** | | | |
| de menos de 16 cabalos fiscai | 17,67 | 1,2 | 21,20 |
| de 16 a 25 cabalos fiscai | 27,77 | 1,2 | 33,32 |
| de mais de 25 cabalos fiscai | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| **E) REMOLQUES E SEMIREMOLQUES** | | | |
| de menos de 1000 e mais de 750 kg | 17,67 | 1,2 | 21,20 |
| de 1000 a 2999 kg de carga útil | 27,77 | 1,2 | 33,32 |
| de mas de 2999 kg de carga útil | 83,30 | 1,2 | 99,96 |
| **F) OUTROS VEHÍCULOS** | | | |
| ciclomotores | 4,42 | 1,2 | 5,30 |
| motocicletas hasta 125 cc. | 4,42 | 1,2 | 5,30 |
| moticicletas de mas de 125 hasta 250 cc. | 7,57 | 1,2 | 9,08 |
| motocicletas de mas de 250 hasta 500 cc. | 15,15 | 1,2 | 18,18 |
| motocicletas de mas de 500 hasta 1000 cc. | 30,29 | 1,2 | 36,35 |
| motocicletas de mas de 1000 cc. | 60,58 | 1,2 | 72,70 |

1. Aos efectos deste imposto e para aplicar as tarifas anteriores estarase ó disposto no Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

**Artigo 6.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN**

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no suposto de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.
2. O imposto devindicarase o primeiro día do período impositivo.
3. A cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irredutible e o obrigado ao pago do imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

**Artigo 7. XESTIÓN E COBRO DO TRIBUTO**

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación do imposto, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, corresponde ao Concello de Bueu cando o domicilio que consta no permiso de circulación do vehículo pertenza ao seu termo municipal.
2. O imposto xestionarase en réxime de autoliquidación cando se trate de vehículos que sexan alta no tributo como consecuencia da súa matriculación e autorización para circular, así como cando se produza a súa rehabilitación e novas autorizacións para circular nos casos en que o vehículo causase baixa temporal ou definitiva no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

   Respecto dos expresados vehículos, o suxeito pasivo deberá practicar, no impreso habilitado ao efecto pola Administración municipal, a autoliquidación do imposto con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico. Á citada autoliquidación uniráselle:

   — Fotocopia da tarxeta de características técnicas do vehículo ou certificado de fabricación do mesmo.

   — Fotocopia do D.N.I./N.I.F. ou C.I.F. do titular do vehículo.

   A autoliquidación terá carácter provisional ata que se comprobe pola Administración municipal que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

3. Os titulares de vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que alteren a súa clasificación a efectos deste imposto, así como nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo ou baixa de devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por devandito concepto devindicadas, liquidadas, presentado ao cobro e non prescritas.

4. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o prazo para o pago das cotas anuais do imposto efectuarase durante o prazo que se anunciase publicamente. Neste caso, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante expedición de recibos, en base a un padrón ou matrícula anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

imposto. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público por prazo de quince días, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. Dita exposición ao público e a indicación do prazo de pago das cotas comunicarase mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

5. O pago dos recibos realizarase nas entidades financeiras autorizadas polo Concello de Bueu.

**Artigo 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS**

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, na Lei Xeral Tributaria e na restante normativa de aplicación.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

A presente Ordenanza Fiscal deroga, dende a súa entrada en vigor, o texto vixente ata ese momento que fora publicado no B.O.P. Nº 26 de data 7/02/2014.

**DISPOSICIÓN FINAL**

2. A partir do censo de mercados liquidaranse as cotas trimestrais dacordo coas tarifas vixentes neste momento. As liquidacións obtidas serán aprobadas polo órgano competente, colectivamente, mediante o documento denominado padrón ou lista cobratoria.

A notificación das mesmas farase conxuntamente, mediante edicto no que así se advirta, no se se farán constar os prazos de ingreso en período voluntario, copia do cal exporase no taboeiro de anuncios do Concello.

3. Cando se trate de novas concesións, procederase á aprobación da liquidación e a súa notificación ó titular da mesma, con indicación do lugar e prazos de ingreso no período voluntario.

*Artigo 9. Infrancións e sancións.*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

---

**ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS URBANÍSTICOS**

*Artigo 1. Natureza e fundamento.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da taxa por licencias urbanísticas que rexerase polo disposto na presente Ordenanza Fiscal, que se axusta ó previsto no TRLRFL.

*Artigo 2. Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servicios técnicos e administrativos xenerados pola concesión ou denegación das licencias que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcción, instalación ou obra dentro do termo municipal así como a prestación de calquera outro servicio urbanístico.

*Artigo 3. Suxeito pasivo.*

1. Son suxeitos pasivos contribuintes, as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria que sexan propietarias ou poseedoras ou, no seu caso, arrendatarias, dos inmobles nos que se realicen as construccións, instalacións ou obras

2. Terán a consideración de sustitutos do contribuinte os constructores e os contratistas das obras.

3. Cando o feito impoñible o constitúa a prestación de calquera outro servicio urbanístico diferente da solicitude de precptiva licencia de obra, será suxeito pasivo obrigado o pagamento da taxa prevista nesta Ordenanza a persoa natural ou xurídica solicitante e/ou titular do servicio ou documento.

*Artigo 4. Base impoñible e cota tributaria.*

Constitue a base impoñible da taxa, o custo de tramitación dos expedientes suxetos á preceptiva licencia e da prestación dos restantes servicios urbanísticos definidos como feito impoñible desta taxa.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar unha tarifa, unha cantidade fixa

# Ordenanza Fiscal 7 da Taxa pola Licencia de Autotaxi, publicada no BOPdePo Núm. 248, de martes 28/12/2004

4. A autoliquidación realizada terá carácter de liquidación provisional. Serán comprobados pola Administración de Tributos do Concello, practicando, segundo proceda, liquidación complementaria ou devolución de oficio. Non poderá esixirse en réxime de autoliquidación este imposto cando se trate do suposto a que se refire o parágrafo terceiro do artigo 107.2.a) do TRLRFL.

5. Están obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito impoñible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

— Nas transmisións e nas constitucións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo intervivos, o donante ou a persoa que constitúa ou transmita o dereito.

— Nas transmisións e nas constitucións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

6. Os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impoñible deste imposto, con excepción de actos de última vontade. Tamén están obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para o seu coñecemento ou legitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perjuicio do deber xeral de colaboración previsto na Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 7. INFRANCIONS E SANCIONS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, e restante normativa que resulte de aplicación.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA LICENCIA DE AUTOTAXI E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGER.**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA LICENCIA DE AUTOTAXIS E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUER, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación de servicios e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demáis vehículos de aluger a que se refire o regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación.

a) Cencesión e expedición de liciencias.

b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu otorgamento, con arranxo á lexislación vixente.

c) Autorización para sustitución de vehículos afectos ás licencias, ben sexa este troco de tipo voluntario ou por imposición legal.

d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.

e) Dilixenciamento dos libros rexistro das empresas de servicios de transporte das clases C e D.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

Están obrigados o pagamento da Taxa, en concepto de suxeito pasivo contribuintes, as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria seguintes:

1. A persoa ou entidade a favor da que se otorgue a concesión e expedición de licencia, ou a favor de quen se autorice a transmisión desta licencia.

2. O titular da licencia cuio vehículo sexa sustituido ou obxeto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, a os libros rexistro sesan dilixenciados.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servicio ou actividade, dacordo coas tarifas que se sinalan no apartado seguinte:

a) Concesión, expedición e rexistro de licencias, por cada licencia:

- Da clase A: 450,76 €.
- Da clase B: 360,61 €.
- Da clase C: 240,40 €.

b) Por uso e explotación de licencias, por cada licencia ó ano:

- Da clase A: 39,67 €.
- Da clase B: 30,05 €.
- Da clase C: 24,64 €.

c) Sustitución de vehículos, por cada licencia:

- Da clase A: 26,44 €.
- Da clase B: 21,04 €.
- Da clase C: 18,03 €.

d) Troco de titular ou traspaso:

— Licencia con vixencia menor de 2 anos: o 80 % de que corresponde á expedición dunha nova licencia.

— Licencia con máis de 2 anos de vixencia: a mesma contía que unha nova concesión de licencia.

*ARTIGO 6. EXENCIONS E BONIFICACIONS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

*ARTIGO 7. DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO*

A taxa devéngase e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe este feito impoñible. A estos efectos, nos casos nos que se esixe, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude.

*ARTIGO 8. XESTION, LIQUIDACION E RECADACION*

1. A realización das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta taxa, levaránse a cabo a instancia de parte.

2. As taxa reguladas nesta Ordenanza pola concesión, expedición e rexistro de licencias esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación do expediente ou documento que constitua o feito impoñible desta taxa, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.

3. Nos restantes conceptos de feito impoñible, as cotas serán obxeto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedida a autorización de que se trate ou realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuintes ó seu pagamento nos prazos legamente establecidos.

*ARTIGO 9. INFRANCIONS E SANCIONS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE ACTIVIDAD PARA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS POR LICENCIA PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais, comerciais, profesionais e de servicios, reúnen as condicións de tranquilidade, seguridade, sanidade, salubridade, así como outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas ou Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como requisito necesario e previo para o otourgamento por este Concello da Licencia de Apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, como se se orixina por comprobacións ou inspección nos supostos en que se descubra a existencia de actividades que non estén plenamente amparadas pola correspondente licencia.

2. A tal efecto terán a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez da actividade desenrolada no establecemento para dar comenzo a súa actividade.

b) A variación ou ampliación da actividade desenrolada no establecemento, anque continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo.

3. Entenderase por establecemento que esixe a obtención de licencia para a súa apertura, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servicios, profesional e artística suxeita ou non ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenrolarse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcione beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudios.

4. Terá tamén a consideración de feito impoñible desta taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a concesión, no seu caso, da preceptiva autorización ou licencia para:

a) Apertura de furanchos.

b) Instalación de quioscos de tempada nas praias.

c) Instalación de quioscos de tempada en terreos privados.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos contribuintes, as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria titulares da actividade que se pretende realizar que inicien o expediente de solicitude de licencia ou similar para a mesma, ou, no seu caso, xa se esté desenrolando en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E TARIFAS*

Constitúe a base impoñible desta Taxa:

# Ordenanza Fiscal 8 da Taxa pola Actividade Administrativa para Apertura, publicada no BOPdePo Núm. 124, de luns 01/07/2013

**11 - VARIOS**

| | | |
|---|---|---|
| | | *euros/Ud* |
| 11.1 | Barbacoa, Asador | 1.502,53 |
| | | *euros/m²* |
| 11.2 | Piscina | 132,22 |
| 11.3 | Pavimentos viais | |
| 11.31 | Asfálticos | 9,01 |
| 11.32 | Formigón | 12,02 |
| 11.33 | Beirarrúas | 15,02 |
| | | *euros/m.l.* |
| 11.4 | Bordillos | 10,81 |

**12-MOVIMENTOS DE TERRAS E DERRIBOS**

| | | |
|---|---|---|
| | | *euros/m²* |
| 12.1 | Rasanteos nivelación, limpezas e desbroce | 4,20 |
| 12.1 | Excavación en vaciados, ou recheos | 3,30 |
| | | *euros/m.l.* |
| 12.2 | Apertura de zanxas (0,60x0,30m), para conducións | 2,40 |
| | | *euros/m²* |
| 12.3 | Demolición cubrición | 4,80 |
| 12.4 | Demolición completa cubierta | 21,03 |
| 12.5 | Demolición tabique fábrica | 4,80 |
| | | *euros/m³* |
| 12.6 | Demolición muros de formigón | 42,07 |
| 12.7 | Demolición completa de edificio por empuxe de máquina retroexcavadora | 9,01 |

## ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DERIVADA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS, DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS PRESENTADAS PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DERIVADA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS, DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS PRESENTADAS PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais, comerciais, profesionais e de servizos, reúnen as condicións de tranquilidade, seguridade, sanidade, salubridade, así como outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas ou Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como requisito necesario e previo para o otourgamento por este Concello da Licenza de Apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, ou con ocasión da presentación des declaracións resposables ou comunicacións previas cando sexan esixibles, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, como se se orixina por comprobacións ou inspección nos supostos en que se descubra a existencia de actividades que non estén plenamente amparadas pola correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

2. A tal efecto terán a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez da actividade desenvolvida no establecemento para dar comenzo a súa actividade.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo.

3. Entenderase por establecemento que esixe a obtención de licenza, ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, para a súa apertura, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servicios, profesional e artística suxeita ou non ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcione beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudios.

4. Terá tamén a consideración de feito impoñible desta taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para:

a) Apertura de furanchos.

b) Instalación de quioscos de tempada nas praias.

c) Instalación de quioscos de tempada en terreos privados.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria titulares da actividade que se pretende realizar que inicien o expediente de solicitude de licenza ou presenten a declaración responsable ou comunicación previa, ou, no seu caso, os titulares das actividades que xa se veña desenvolvendo en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E TARIFAS*

Constitúe a base impoñible desta Taxa:

1. O importe da cota correspondente no Imposto recollida no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, que aproba as Tarifas e Instrucción do I.A.E..

2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior, non fose posible determinar a base impoñible, considerarase como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, cuia determinación farase observando as seguintes regras:

a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobor do establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interes legal publicado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no I.B.I.

b) Nos demáis casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón de contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa

ocupación, con inclusión dos incrementos ou cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato aparecesen pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomaránse como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarase como base impoñible esta última.

c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espacios destinados a vivenda e establecemento suxeito a esta taxa, a base impoñible deste último será a que, proporcionalmente a súa superficie, lle corresponda no importe total de renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.

d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base impoñible será a renda anual que corresponda á superficie na que se ampliou o local, calculada conforme ó previsto nas regras anteriores.

As tarifas a aplicar serán as seguintes.

1. Instalación en solo urbano: 300 % sobre a base impoñible determinada no parágrafo anterior.
2. Instalación no resto do Concello: 250 % sobre a base impoñible determinada no parágrafo anterior.

   Os establecementos que se califiquen de molestos, insalubres, nocivos ou perigosos, satisfarán con respecto á cota anterior, un recargo do 50 % sobre a citada tarifa.
3. Traslados de local: tributarán un 80 % do establecido para a primeira instalación.
4. Ampliacións ou trocos de clasificación: As ampliacións tributarán como primeira instalación, pola parte de actividade ampliada. Os trocos de clasificación tributarán como primeira instalación, pola diferencia entre a cota asignada á nova actividade e a que se exercera no mesmo local, con un mínimo de 150,25 €.
5. Trocos de titularidade: tributarán como primeira instalación, salvo que a autorización para troco de titularidade se solicite dentro do prazo de dous anos a partir da data de concesión de licenza municipal ó anterior titular ou da data de presentación da declaración responsable ou comunicación previa, aboando, neste último caso, a cantidade de 150,25 €.
6. Os almacéns sitos no termo municipal, que sexan auxiliares de establecementos comerciais ou industriais, satisfarán en concepto de apertura:

   Menores de 150 m² ................. 90,15 €.

   Maiores de 150 m² ................ 120,20 €.
7. Os negocios de apertura por tempada, tributarán o 50 % do que lle correspondería como tarifa normal, sexa cal sexa a duración da tempada (máximo de seis meses).

   Índices correctores: Ás cotas tributarias resultantes aplicaráselles o índice corrector que a continuación se menciona: Industrias ubicadas en zona calificada de Solo Industrial, segundo das N.S.M. O,8.
8. Para a apertura de furanchos:

— Ata 250 litros........30,05 €.

— Ata 500 litros........60,10 €.

— Ata 750 litros........90,15 €.

— Ata 1000 litros.....120,20 €.

— Ata 1250 litros.....150,25 €.

— Ata 1500 litros.....180,30 €.

— Ata 1750 litros.....210,35 €.

— Ata 2000 litros.....240,40 €.

9. Para instalación de quioscos de tempada en praias e fincas privadas: 27,00 €.

Os efectos das licenzas outorgadas, ou das declaraciós responsables e comunicacións previas presentadas caducarán:

— Ós seis meses , se en dito prazo o establecemento non fóra aberto ó público.

— Se despois de ter comenzado o establecemento as súas actividades, permanecese pechado más de doce meses seguidos.

O Concello fai especial reserva da facultade que lle otorgan as Leis e Regulamentos vixentes, de intervir administrativamente respecto de aqueles establecementos comerciais ou industriais que carezan das condicións que esixen as disposicións legais vixentes para cada actividade.

Se o interesado desistira da obtención de licencia antes de recaer acordo municipal de concesión, a cota quedará reducida ó 10 % da que tería correspondido en caso de ser concedido, sempre e cando non tivera aberto o local en ningún intre.

*ARTIGO 6. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

*ARTIGO 7. DEVENGO.*

1. A taxa devéngase e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe este feito impoñible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licenza ou ter presentado a oportuna declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando comence efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento.
3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, non pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza, ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa.

*ARTIGO 8. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN*

1. [As taxa regulada nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación da licenza ou autorización que constitúa o feito impoñible desta taxa, ou as persoas que formulen as declaracións responsables ou comunicacións previas, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.
2. [Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura ou despois de formulada a declaración responsable ou comunicación previa se variase ou ampliase a actividade a desenvolver, ou se alterasen as condicións proxectadas, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da Administración Municipal.
3. [Finalizada a actividade municipal que proceda respecto da licenza de apertura, ou da declaración responsable ou comunicación previa formulada polos interesados, practicarase, no seu caso, liquidación definitiva correspondente da que se deducirá o importe ingresado en concepto de autoliquidación, e notificaráselle ós interesados conforme ó establecido na Lei Xeral Tributaria.
4. [Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou concesionario do establecemento e, o local non teña sinalado valor catastral sendo este preciso para determinar o importe da base impoñible, a autoliquidación efectuarase tendo en conta o valor de merca ou, no seu caso, o custo de construcción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practicarase

liquidación definitiva que proceda, liquidando para o seu ingreso a diferencia ou devolvéndose, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado na autoliquidación.

*ARTIGO 9. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da taxa por pola prestación de servizos urbanísticos que se rexerá polo disposto na presente Ordenanza Fiscal, que se axusta ó previsto no TRLRFL.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos xenerados pola concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcción, instalación ou obra dentro do termo municipal, a realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, así como a prestación de calquera outro servizo urbanístico.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria que sexan propietarias ou poseedoras ou, no seu caso, arrendatarias, dos inmobles nos que se realicen as construccións, instalacións ou obras
2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os constructores e os contratistas das obras.
3. Cando o feito impoñible o constitúa a prestación de calquera outro servizo urbanístico diferente da solicitude de preceptiva licenza de obra ou da realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, será suxeito pasivo obrigado ó pagamento da taxa prevista nesta Ordenanza a persoa natural ou xurídica solicitante e/ou titular do servizo ou documento.

*ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA*

Constitúe a base impoñible da taxa, o custo de tramitación dos expedientes suxeitos á preceptiva licenza, declaración responsable ou comunicación previa, e da prestación dos restantes servizos urbanísticos definidos como feito impoñible desta taxa.

# Ordenanza Fiscal 9 da Taxa pola Prestación do Servicio de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais, publicada no BOPdePo Núm. 248, de martes 28/12/2004

## Xestionada por FCC AQUALIA SA.

cante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.

2. Se despois de formulada a solicitude de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenrolar, ou se alterasen as condicións proxectadas, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da Administración Municipal.

3. Finalizada a actividade municipal, e unha vez dictada resolución municipal que proceda respecto da licencia de apertura, practicarase, no seu caso, liquidación definitiva correspondente da que se deducirá o importe ingresado en concepto de autoliquidación, e notificaráselle ós interesados conforme ó establecido na Lei Xeral Tributaria.

4. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou concesionario do establecemento e, o local non teña sinalad valor catastral sendo este preciso para determinar o importe da base impoñible, a autoliquidación efectuarase tendo en conta o valor de merca ou, no seu caso, o custo de construcción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practicarase liquidación definitiva que proceda, liquidando para o seu ingreso a diferencia ou devolvéndose, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado na autoliquidación.

*ARTIGO 9. INFRANCIONS E SANCIONS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verifica-las condicións necesarias para autoriza-la acometida dos particulares ás redes de sumidoiros municipais.

b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través das redes de sumidoiros municipais, de recepción obrigatoria en virtude do artigo 34 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais polo seu carácter hixiénico-sanitario, e a súa depuración.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso dos sumidoiros.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria, que sexan:

a) Cando se trate de concesión de licencia de acometida á rede: propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca á que se realice a acometida.

b) No caso do feito imponible reseñado no anterior artigo 2.1.b os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarios de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeitos pasivos substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá reporcutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA*

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros exixirase por unha soa vez, e establécese en:

a) Vivenda: 27,05 €.

b) Actividades comerciais, industriais e de servicios: 36,06 €.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios de sumidoiros e depuración, determinarase en función da cantidade de agua, medida en m$^3$, utilizada no inmoble. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas, que serán incrementadas, de acordo coa lexislación vixente, co correspondente imposto sobre o valor engadido (I.V.E).

*TARIFAS DO SANEAMENTO:*

*USOS DOMÉSTICOS:*

| | |
|---|---|
| - Mímino 30 m$^3$/ trimestre: | 0,13 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,15 €/m$^3$. |

*USOS COMERCIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 40 m$^3$/ trimestre: | 0,14 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,17 €/m$^3$. |

*USOS INDUSTRIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 50 m$^3$/ trimestre: | 0,15 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,24 €/m$^3$. |

3. A cota que se esixirá pola prestación dos servicios de depuración, determinarase tamén en función da cantidade de agua, medida en m$^3$, utilizada no inmoble. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas, que serán in-

crementadas, de acordo coa lexislación vixente, co correspondente imposto sobre o valor engadido (I.V.E).

*TARIFAS DA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS:*

*USOS DOMÉSTICOS:*

| | |
|---|---|
| - Mímino 30 m$^3$/ trimestre: | 0,31 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,34 €/m$^3$. |

*USOS COMERCIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 40 m$^3$/ trimestre: | 0,32 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,37 €/m$^3$. |

*USOS INDUSTRIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 50 m$^3$/ trimestre: | 0,34 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,37 €/m$^3$. |

4. Deberá entenderse por uso comercial o destinado ó consumo por parte do público ou usuarios dun establecemento público ou privado ou destinado á limpeza e hixiene do establecemento no que se desenrolen actividades comprendidas nas divivións 6, 7,8 e 9 da sección primeira ou actividades da sección segunda do R.D.L. 1175/1990, de 28 de setembro.

5. Deberá entenderse por uso industrial aquel no que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de producción ou o suo par o acondicionamento, limpeza e hixiene do establecemento industrial, gandeiro ou mineiro que figure incluído nas divisións 1, 2, 3, 4 e 5 da sección primeira do R.D.L. 1175/1990, de 28 de setembro.

*ARTIGO 6. DEVENGO*

1. Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude, no caso de licencia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo nesta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licencia de acometida, e sen o prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

c) No caso de depuración de augas rediduais cando se inicie a efectiva prestación do servicio.

2. Tratándose de servicios xa autorizados e prorrogados, o primeiro de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos do inicio e cese na prestación do servicio, caso no que o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

3. Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviales, negras o residuais ten carácter obrigatoria para tódalas fincas do Municipio, que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que existan redes de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros, e devengarase a Taxa anque os interesados non procedan a efectua-la acometida a rede municipal.

*ARTIGO 7. DECLARACION, LIQUIDACION E INGRESO*

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracions de alta e baixa no censo ou padrón de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracions surtirán aefecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo ou padrón fiscal farse de oficio unha vez concedida a licencia de acometida á rede.

2. As cotas esixibles pola prestación dos servicios ós que se refire o artigo 2.1.b) desta Ordenanza liquidaranse e recadaranse trimestralmente mediante a elaboración dun Padrón Fiscal ou matrícula, xunto coa Taxa pola prestación do servicio de abastecemento municipal de auga potable.

3. A taxa por licencia de acometida a rede será esixida en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación da licencia presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitadao a mesma.

4. As cotas desta Taxa liquidadas e non satisfeitas en periodo voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento administrativo de apremio.

*Artigo 8. Infraccións e sancións.*

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL*

Tarifas para os que opten polo sistema de aluguer de contadores á concesionaria:

| DOMESTICOS | Calibre (mm) | Cota trimestral / € |
|---|---|---|
| | 13 | 2,36 |
| | 15 | 2,55 |
| | 20 | 2,99 |
| | 25 | 4,42 |
| INDUSTRIAIS | Calibre (mm) | Cota trimestral / € |
| | 30 | 6,22 |
| | 40 | 9,32 |
| | 50 | 22,39 |
| | 65 | 23,46 |
| | 80 | 29,10 |
| | 100 | 36,03 |
| | 150 | 51,41 |
| CONTADORES | Calibre (mm) | Cota trimestral / € |
| COMBINADOS | 30/12 | 24,38 |
| | 40/13 | 30,58 |
| | 50/15 | 39,34 |
| | 65/20 | 48,44 |
| | 80/25 | 63,63 |
| | 100/25 | 83,41 |
| | 150/40 | 117,95 |

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

# Ordenanza Fiscal 10 da Taxa polo Servicio de Subministración de Auga Potable, publicada no BOPdePo Núm. 248, de martes 28/12/2004

# Xestionada por FCC AQUALIA SA

**ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SUMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servicio de distribución de auga potable a domicilio así como a aco:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verifica-las condicións necesarias para autoriza-la acometida dos particulares ás redes de suministro de auga potable.

b) A prestación do servicio de suministración de auga potable.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria, que sexan:

a) Cando se trate de concesión de licencia de acometida á rede: propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca á que se realice a acometida.

b) No caso do feito imponible reseñado no anterior artigo 2.1.b os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarios de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeitos pasivos substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá reporcutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA*

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de suministro de auga potable, exixirase por unha soa vez, e establécese en:

| | |
|---|---|
| a) Usos domésticos. | 40,57 €. |
| b) Usos comerciais: | 55,59 €. |
| c) Usos industriais: | 93,16 €. |

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios de suministro de auga potable, determinarase en función da cantidade de agua, medida en m$^3$, utilizada no inmoble. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas, que serán incrementadas, de acordo coa lexislación vixente, co correspondente imposto sobre o valor engadido (I.V.E).

*TARIFAS DO ABASTECEMENTO DE AUGA:*

*USOS DOMÉSTICOS:*

| | |
|---|---|
| - Mímino 30 m$^3$/ trimestre: | 0,19 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,23 €/m$^3$. |

*USOS COMERCIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 40 m$^3$/ trimestre: | 0,20 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,25 €/m$^3$. |

*USOS INDUSTRIAIS*

| | |
|---|---|
| - Mímino 50 m$^3$/ trimestre: | 0,23 €/m$^3$. |
| - Excesos: | 0,31 €/m$^3$. |

*ARTIGO 6. DEVENGO*

1. Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude, no caso de licencia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de suministro municipal. O devengo nesta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licencia de acometida, e sen o prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Tratándose de servicios xa autorizados e prorrogados, o primeiro de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos do inicio e cese na prestación do servicio, caso no que o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

*ARTIGO 7. DECLARACION, LIQUIDACION E INGRESO*

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracions de alta e baixa no censo ou padrón de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracions surtirán aefecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo ou padrón fiscal farse de oficio unha vez concedida a licencia de acometida á rede.

2. As cotas esixibles pola prestación dos servicios ós que se refire o artigo 2.1.b) desta Ordenanza liquidaranse e recadaranse trimestralmente mediante a elaboración dun Padrón Fiscal ou matrícula, xunto coa Taxa pola prestación do servicio de sumidoiros e depuración.

3. A taxa por licencia de acometida a rede será esixida en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación da licencia presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o

xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitadao a mesma.

4. As cotas desta Taxa liquidadas e non satisfeitas en periodo voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento administrativo de apremio.

*Artigo 8. Infraccións e sancións.*

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e os expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades municipais.

2. Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio ainda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitaciónde documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa en concepto de contribuintes, as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembe, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

—Certificado de empadronamento, convivencia ou conducta: 2,40 €.

—Certificado de Acordo ou resolución de órganos municipais: 2,40 €.

—Troco titularidade de establecementos: 30,00 €.

—Bastanteo de poderes: 25,00 €.

—Dilixencia de cotexo de documentos, por ud.: 0,5 €.

—Dereitos de exame para participar en procesos selectivos de provisión definitiva do persoal ó servicio do Concello:

- Grupo A ou asimilado: 30,00 €.
- Grupo B ou asimilado: 20,00 €.
- Grupo C ou asimilado: 15,00 €.
- Grupo D ou asimilado: 12,00 €.

—Fotocopia de documentos, por ud.: 0,10 €.

*ARTIGO 6. EXENCIONS E BONIFICACIONS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

*ARTIGO 7. DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO*

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.

2. Nos casos ós que se refire o artigo 2.2 desta Ordenanza, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

*ARTIGO 8. XESTION, LIQUIDACION E RECADACION*

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación do expediente ou documento que constitua o feito impoñible desta taxa, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.

2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitiran sen que previamente non se aboara a correspondente cota tributaria.

*ARTIGO 9. INFRANCIONS E SANCIONS*

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

# Ordenanza Fiscal 11 reguladora da Taxa pola Prestación de Servizos Urbanísticos, publicada no BOPdePo Núm. 124, de luns 01/07/2013

liquidación definitiva que proceda, liquidando para o seu ingreso a diferencia ou devolvéndose, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado na autoliquidación.

*ARTIGO 9. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da taxa por pola prestación de servizos urbanísticos que se rexerá polo disposto na presente Ordenanza Fiscal, que se axusta ó previsto no TRLRFL.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos xenerados pola concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcción, instalación ou obra dentro do termo municipal, a realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, así como a prestación de calquera outro servizo urbanístico.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria que sexan propietarias ou poseedoras ou, no seu caso, arrendatarias, dos inmobles nos que se realicen as construccións, instalacións ou obras
2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os constructores e os contratistas das obras.
3. Cando o feito impoñible o constitúa a prestación de calquera outro servizo urbanístico diferente da solicitude de preceptiva licenza de obra ou da realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, será suxeito pasivo obrigado ó pagamento da taxa prevista nesta Ordenanza a persoa natural ou xurídica solicitante e/ou titular do servizo ou documento.

*ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA*

Constitúe a base impoñible da taxa, o custo de tramitación dos expedientes suxeitos á preceptiva licenza, declaración responsable ou comunicación previa, e da prestación dos restantes servizos urbanísticos definidos como feito impoñible desta taxa.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar unha tarifa, unha cantidade fixa sinalada ó efecto ou, a cantidade resultante da aplicación de ambos procedementos conforme re recolle neste artigo:

— Licenza de primeira ocupación:

  Vivendas unifamiliares: 130,00 €.

  Edificios de vivendas: 80,00 € por vivenda ou local.

— Modificación de uso dos edificios e instalacións en xeral: 80,00 €.

— Parcelacións e reparcelacións urbanísticas: 0,18 €/m$^2$. Taxa mínima 90,00 €.

— Autorizacións previas en Solo Non Utilizable: 45,00 €.

— Información urbanística: 35,00 €.

— Certificación urbanística: 35,00 €.

— Condicións de edificabilidade: 50,00 €.

— Alineacións, rasantes e sinalamento de trazados: 65,00 €.

— Resto de licenzas urbanísticas de obra, declaracións responsables ou comunicacións previas: 0,25 % do orzamento aportado. Taxa mínima 50 €.

*ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

*ARTIGO 6. DEVENGO*

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. A estos efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude que inicie a tramitación do expediente, que non se tramitará, no seu caso, sin que previamente se efectúe o pago correspondente, ou cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa.
2. Tratándose de obras que estean iniciadas ou executadas sin ter presentado a oportuna solicitude de licencia, declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar si a obra en cuestión se axusta ós requisitos que no seu caso sexan de aplicación, con independencia da iniciación do expediente administrativo de infracción urbanística.
3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desistimento do solicitante, unha vez adoptado polo órgano competente o acordo de emisión do documento gravado ou pola denegación de licenza solicitada ou concesión de esta condicionada á modificación do proxecto.
4. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade administrativa non se preste ou desenvolva procederá a devolución do importe corespondente.

*ARTIGO 7. XESTIÓN*

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na recepción dun servizo urbanístico que constitúa o feito impoñible presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o expediente.
2. No suposto de solicitudes presentadas sin ter aboado o importe correspondente da taxa, o departamento de urbanismo dará traslado da mesma ó departamento de rendas para que se practique a oportuna liquidación que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso nos prazos establecidos no regulamento xeral de recaudación, sin que se proceda á tramitación do expediente, nin surta efectos a declación responsable ou comunicación previa ata que se acredite o pago da taxa.

*ARTIGO 8. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A Entrada en vigor terá lugar unha vez publicado, tal e como establece o artigo 17.4 do TRLRFL

En Bueu a 12 de xuño de 2013.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2013005825**

* * *

## CRECENTE

### EDICTO

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ó exercicio 2012, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cós documentos que a xustifican na Intervención desta Entidade, durante quince días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción deste edito no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formular os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante este prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade có disposto no artigo 212 TRLFL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Crecente, a 20 de xuño de 2013.—O Alcalde en funcións, Marisol Gómez Domínguez. **2013005966**

* * *

## CUNTIS

### EDICTO

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público, mediante a publicación do presente edicto no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no BOP, a notificación de inicio de expediente de renovación da inscrición no Padrón de habitantes de persoa estranxeira sen permiso de residencia permanente, xa que intentada no último domicilio da persoa destinataria non foi posible practicala.

A persoa interesada poderá comparecer nas oficinas municipais no prazo de 15 días para coñecer o contido íntegro do acto obxecto da notificación e deixar constancia dela.

| *Nome e apelidos* | *Último enderezo coñecido* |
|---|---|
| ISLAM MD SHEFAT | r/OLIMPIO ARCA NÚM. 7-2º<br>36670 CUNTIS |

Cuntis, a 14 de xuño de 2013.—O Alcalde, Antonio Pena Abal. **2013005895**

* * *

# Ordenanza Fiscal 12 reguladora da Taxa pola Expedición de Documentos Administrativos, publicada no BOPdePo Núm. 12, de mércores 18/01/2017

### 12-MOVEMENTOS DE TERRAS E DERRUBOS

| | | |
|---|---|---|
| | | *Euros/m2* |
| 12.1 | Rasanteos nivelación, limpezas e desbroce | 4,20 |
| 12.1 | Excavación en vaciados, ou recheos | 3,30 |
| | | *Euros/m.l* |
| 12.2 | Apertura de zanxas (0,60x0,30m), para conducións | 2,40 |
| | | *E/m2* |
| 12.3 | Demolición cubrición | 4,80 |
| 12.4 | Demolición completa cubierta | 21,03 |
| 12.5 | Demolición tabique fábrica | 4,80 |
| | | *Euros/m3* |
| 12.6 | Demolición muros de formigón | 42,07 |
| 12.7 | Demolición completa de edificio por empuxe de máquina retroexca adora | 9,01 |

## ORDENANZA FISCAL Nº 12
## REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

### Artigo 1. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

### Artigo 2. Feito impoñible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e os expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades municipais.
2. Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio ainda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitaciónde documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

**Artigo 3. Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos desta Taxa en concepto de contribuintes, as peroas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembre, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

**Artigo 4. Responsables tributarios**

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Artigo 5. Cota tributaria**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

| | |
|---|---|
| Troco titularidade de establecementos … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 30,00 € |
| Licencia Municipal mercadiño e a súa renovación anual … … … … … … … … … … … … … … | 37,40 € |
| Bastanteo de poderes … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 25,00 € |
| Sinal numerada de vado … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 11.23 € |
| Dereitos de exame para participar en procesos selectivos de provisión definitiva do persoal ó servicio do Concello: | |
| • Grupo A ou asimilado … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 30,00 € |
| • Grupo B ou asimilado … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 20,00 € |
| • Grupo C ou asimilado … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 15,00 € |
| • Grupo D ou asimilado … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 12,00 € |
| Informes da Policia Local relativos a accidentes de tráfico … … … … … … … … … … … … | 70.00 € |
| Informes da Policia Local relativos a intervencións policiais, agás as derivadas de accidentes de circulación … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … | 30.00 € |

**Artigo 6. Exencións e bonificación**

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

**Artigo 7. Devengo e período impositivo**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.
2. Nos casos ós que se refire o artigo 2.2 desta Ordenanza, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

**Artigo 8. Xestión, liquidación e recadación**

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación do expediente ou documento que constitua o feito impoñible desta taxa, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.
2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitiran sen que previamente non se aboara a correspondente cota tributaria.

**Artigo 9. Infraccións e sancións**

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

Segundo.-De conformidade có disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo provisional, así como o referido texto da Ordenanza Fiscal, exporanse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.-Dita exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

Cuarto.- En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase defitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.”

Que o anuncio de aprobación provisional das devanditas ordenanzas publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o pasado 15.11.2016 num. 218 e no Faro de Vigo coa mesma data.

Que durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte a sú publicación no BOP, que rematou o 29 de Decembro de 2016, non consta que se houberan presentado alegacións contra a aprobación provisional das modificacións introducidas arriba descritas, segundo informe de rexistro municipal de data 05.01.2017 .

Que en caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entendese defitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Pola presente procédese á publicación íntegra do novo articulado das ordenanzas fiscais nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e nº 4 reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras, nº 12 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada con data 07.11.2016 nos termos que neste documento quedan contidos.

Documento asinado electronicamente á marxe.

Código seguro de verificación: 3YZ4WWZX0MUVNS0I

# Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar publicada no BOPdePo Núm. 93, de venres 16/05/2014

# (Artigo 17º, polo que se establece o Prezo Público para a participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar)

# B U E U

*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA:*

**ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU**

Mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada con carácter ordinario o 3 de Marzo de 2014 aprobouse inicialmente a ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Bueu (Pontevedra).

Sometido ó trámite de información pública, de conformidade co establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases de Réxime Local, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia con data 3 de Marzo de 2014 e no Taboleiro de anuncios do Concello de Bueu por un prazo de trinta días a efectos do seu exame polos interesados e presentación das reclamacións que se consideren, non consta que neste prazo foran presentadas reclamacións ás mesmas, polo que o acordo provisional adoptado polo Pleno da Corporación Municipal de aprobación ordenanza Fiscal do servizo de AXUDA NO FOGAR (SAF), enténdese aprobado definitivamente.

Procede en consecuencia, e de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a publicación íntegra desta Ordenanza , nos seguintes termos:

## *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

Có Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Bueu, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

## *CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS*

### *ARTIGO 1º.—OBXECTO*

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Bueu.

### *ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN*

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Bueu.

### *ARTIGO 3º.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO*

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

f) Retardar ou evitar a institucionalización.

g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### *ARTIGO 4º.—CONTIDO DO SERVIZO*

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
   I. Asistencia para levantarse e deitarse.
   II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
   III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
   IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
   V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
   VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
   VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
   I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
   II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
   I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
   II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
   III. Preparación dos alimentos.
   IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
   V. Apoio á unidade familiar.
   VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restriccións na participación social das persoas.
c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
d. Adaptacións funcionais do fogar.
e. Servizo de podoloxía.
f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

*ARTIGO 5º.—PERSOAS DESTINATARIAS*

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

*ARTIGO 6.—DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS*

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8. A coñeceren a situación do seu expediente.

9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

*ARTIGO 7º.—DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS*

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7. Respectar a dignidade persoal e profesioal das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

*ARTIGO 8º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO*

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

a. A renuncia da persoa usuaria.

b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidad co servizo de axuda no fogar.

c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

d. Falecemento da persoa usuaria.

e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f. A falta reiterada de pagamento do servizo.

g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

*ARTIGO 9º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO*

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circusntancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

*CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*
*SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS*

*ARTIGO 10º.—FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO*

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Bueu ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

*ARTIGO 11º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS*

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| *Número de persoas usuarias* | *Persoal técnico mínimo* |
|---|---|
| 50 a 99 | 1 técnico/a titulado/a xornada completa |
| 100 a 199 | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| 200 a 399 | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| Incrementos sucesivos | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa |

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Bueu, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.
c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Bueu e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

*SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

*ARTIGO 12º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO*

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Bueu, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo VI (modelo de solicitude) desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
   I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
   II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
   III. Certificado de convivencia.
   IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
   V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
   VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
      1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
      2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan

3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

a. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.
b. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

   No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.
c. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
d. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.
e. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

*ARTIGO 13º.—DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

*ARTIGO 14º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuidas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

*ARTIGO 15º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA.*

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o

recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

*ARTIGO 16º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO*

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

*ARTIGO 17º.—ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR*

En virtud do artigo 11.2 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, o concello de Bueu establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, dacordo o réxime xurídico establecido polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A contía do prezo público virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios:

1.—No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.—Nos demáis supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| ¯apacĎade ecǩwČ ǑK ɍrefȑ rewcǨdK Kǩ IPREM) AtK | Graǩ I | Graǩ II | Graǩ III |
|---|---|---|---|
| | <=20 h | <=45 h | <=70 h |
| ! 00,00 # | 0,00 # | 0,00 # | 0,00 # |
| ! 15,00 # | 4,52 # | $"%! # | 14,70 # |
| 125,00 # | 5,41 # | ! !" 50 # | ! " 58 # |
| ! 50,00 # | 5,55 # | ! !" $ # | !&"03 # |
| 175,00 # | 5,65 # | 12,00 # | !&"35 # |
| 200,00 # | 5,72 # | 12,!% # | !&"60 # |
| 2! 5"00 # | 5"&! # | ! 2"' 4 # | ! &"&7 # |
| 250,00 # | %"03 # | 12,82 # | !$" %! # |
| 300,00 # | %"24 # | !"' 26 # | 20,29 # |
| 350,00 # | %"42 # | !"' %' # | 20,85 # |
| 400,00 # | %"54 # | !"' 90 # | 21,25 # |
| 450,00 # | %"%' # | 14,09 # | 21,55 # |
| 500,00 # | %"70 # | 14,25 # | 21, $ # |
| ( 500 # | %"% # | 14,'% # | 21,$ # |

3.—Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.—En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.—O prezo/hora determinarase según o seguinte importe ( revisable anualmente segundo costes de mercado, o cal será comunicado aos usuarios do servizo):

| | )* A+ , A- . RAI+ | ). MING. +0 1E+2I3. + |
|---|---|---|
| SAF dependencǨ | ! !" 98 40hora 5 IVE | 12,98 40hora 5 IVE |

6.—No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

| % ¯KᵞKcidK de eckẇĈ Ŏ a (refř reẇcŎ ada Kk IPREM) AtK | Grkk I | | | Grkk II | | | Grkk III | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Adaptacŏ ẇ6 fuẇcŏẇKŏ do fogar" ᵞodolk: ;K" fi6ŏterKᵞŎ | ActŎŎad ř6 de ack ᵞK= K entk" 6kciK9ŎKc Ŏẇ ř desřẇ<k9 <ř entk de hábitk6 6K7dK@9 6 | Ser<Ŏk de prA6tK k de K:7 dK6 técẇŎK6 | Adaptacŏ ẇ6 fuẇcŏẇKŏ do fogar" podo9k: ;K" fi6ŏterKᵞŎ K | ActŎŎadř s dř ack ᵞK=K ř ẇtk" 6kciK9ŎKci Ŏẇ ř dř6 řẇ<k9< ř entk de hábitk6 6K7dK@9 6 | Ser<Ŏk de prA6tK k de K:7 dK6 técẇŎK6 | Adaptacŏ ẇ6 fuẇcŏẇKŏ do fogar" ᵞodolk: ;K" fi6ŏterKᵞŎ | ActŎŎadř6 de ack ᵞK=K entk" 6kciK9ŎKciŎẇ e dř6 řẇ<k9<ř ř ẇtk dř hábitk6 6K7dK@9 6 | Ser<Ŏk de prA6tK k de K:uda6 técẇŎK6 |
| | <=15 | | | <=2& | | | <=45 | | |
| 100,00 # | 0,00 # | 12,&  # | !'"  % # | 0,00 # | 22, '  # | 24,29 # | 0,00 # | 35,51 # | ' "  95 # |
| ! 15,00 # | 5,$& # | !'"  10 # | 14,00 # | 10,56 # | 23,12 # | 24, !  # | !%"50 # | '%"!'  # | '&" %! # |
| 125,00 # | " 15 # | !'"  '$  # | 14,'!  # | 12,%' # | 23,64 # | 25,26 # | !$" '  # | '%"94 # | '$" 47 # |
| 150,00 # | " 34 # | !'"  52 # | 14,44 # | 12,95 # | 23,&  # | 25,50 # | 20,24 # | ' "  29 # | '$" 85 # |
| 175,00 # | " 47 # | !'"  %! # | 14,54 # | !'"  !& # | 24,03 # | 25,%  # | 20,60 # | ' "  54 # | 40,12 # |
| 200,00 # | " 57 # | !'"  % # | 14,70 # | !'"  '% # | 24,29 # | 25,$%# | 20,&  # | ' "  $%# | 40,56 # |
| 215,00 # | " %&# | !'"  &'  # | 14, & # | !'"  56 # | 24,42 # | 26,09 # | 21,!& # | '&" !% # | 40,  # |
| 250,00 # | " $& # | !'"  $%# | 14,$!  # | 14,09 # | 24,64 # | 26,"  # | 22,01 # | '&" 50 # | 41,14 # |
| ' 00"00 # | &"25 # | ! 4"0%# | ! 5"02 # | ! 4"57 # | 24"&2 # | 2%"52 # | 22"  7 # | ' &"  8 # | 4! "44 # |
| 350,00 # | &"48 # | 14,!% # | 15,!'  # | 14,$& # | 25,00 # | 26,72 # | 23,40 # | '$" 07 # | 41,74 # |
| 400"00 # | &"%5 # | ! 4"' 5 # | ! 5"' 3 # | ! 5"27 # | 25"' '  # | 2  "0%# | 2' "&5 # | ' $"57 # | 42"2$ # |
| >400"00 # | &"  # | 14,48 # | 15,48 # | 15,48 # | 25,57 # | 27,32 # | 24,!$  # | '$" 95 # | 42,%$# |

*ARTIGO 18.—PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO*

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

| *CAPACIDADE ECONÓMICA* | *Participación no custe do servizo de SAF básico* |
|---|---|
| *Menor de 0,80 IPREM* | *0%* |
| *Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM* | *15%* |
| *Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM* | *30%* |
| *Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM* | *50%* |
| *Maior de 2,50 IPREM* | *70%* |

2. Sen prexuizo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

4. O prezo/hora determinarase según o seguinte importe ( revisable anualmente segundo costes de mercado, o cal será comunicado aos usuarios do servizo):

| | ) ÍA+ LA- ORAIS | ) OMINGOS/FE+2IV.+ |
|---|---|---|
| SAF @?ŏk | ! !" 98 40hora 5 IVE | ! !" 98 40hora 5 IVE |

*ARTIGO 19º.—AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS*

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Bueu, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

*ARTIGO 20º.—DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS*

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

*ARTIGO 21º.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO*

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

*ARTIGO 22º.—DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO*

A obriga de pagar o prezo público regulado nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1.—O período impositivo será mensual, e o pagamento do prezo público realizarase a mes vencido durante os vinte primeiros días do mes seguinte a terminación do trimestre/mes, mediante domiciliación bancaria que autorizará o usuario do servizo.

2.—A falta reiterada de pagamento da cota suporá a interrupción do servizo.

*ARTIGO 23º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 201 de 18 de outubro de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

*DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

Esta ordenanza entrará en vigor segundo o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril (Lei de Bases do Réxime Local) nos artigos 65,2 e 70,2.

En Bueu a 23 de Abril de 2014.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2014003954**

* * *

## CANGAS

### ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública notificación da iniciación do procedemento de tratamento residual dos vehículos relacionados máis abaixo e do requirimento realizado aos seus titulares, en aplicación do disposto no artigo 86 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, xa que intentada a notificación no domicilio dos interesados, a mesma non foi posible por causas non imputables a esta Administración.

En aplicación do citado artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, requíreselle aos titulares dos referidos vehículos para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, procedan á retirada dos mesmos do depósito municipal, previo pago das taxas correspondentes, coa advertencia de que, en caso de non cumprir o indicado, ditarase resolución, autorizando, se procede, o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento, para a súa posterior destrución e descontaminación.

| MATRÍCULA | MARCA | MODELO | TITULAR | NIF |
|---|---|---|---|---|
| B4650WN | FIAT | PUNTO | DISEXGAL BERGANTIÑOS | B15953078 |
| 7104-BXP | CITROEN | C-15 | TREBOL PRODUCTOS NATURALES S.L. | B-36341931 |
| M10790B | RENAULT | 5 | ISMAEL CÁNDIDO RODRIGUEZ IGLESIAS | 05210051 |
| PO0061AU | FIAT | CROMA 2.0 TD | IBAN ERNESTO COSTAS CAMPOS | 36110739 |
| OR4652 | MERCEDES | 300 | GALICIA AIRWAYS INTERNACIONAL, S.A. | A-15515414 |
| 1222-BDR | PEUGEOT | 406 1.9 DT | DIEYE AISSATOU | X-3325301-F |
| PO-2433-AG | LANCIA | PRISMA | DIEGO CARRAGAL FIGUEROA | 35278571 |
| O-4610-BL | SEAT | IBIZA | MARÍA PILAR PILLADO PENA | 53118937T |
| OU-0809-K | PEUGEOT | 205 | MIHAIL GEAMBASU, CRISTIAN | X8632579N |

Contra esta Resolución non cabe recurso algún, por tratarse dun acto de mero trámite, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer o que estimen procedente.

Cangas, a 02 de maio de 2014.—O Alcalde - Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2014004180**

* * *

# Ordenanza Fiscal 14 da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local, publicada no BOPdePo Núm. 117 de martes 22/06/2021

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## BUEU

### Ordenanzas e Regulamentos

*ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL Nº 14*

O Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o 1 de Marzo de 2021, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación por derogación parcial e con efectos dende o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, da Ordenanza Fiscal num. 14 reguladora da Taxa pola Utilización Privativa ou aproveitamento especial do dominio público Local.

Sometido a exposición pública, mediante inserción de anuncios no BOP de Pontevedra o 18 de Marzo de 2021, num. 53 e no xornal Faro de Vigo .

Considerando que durante o prazo de exposición pública no período comprendido entre o 20 de Marzo e o 4 de Maio de 2021 (ambos inclusive), e segundo informe do funcionario encargado do Rexistro Municipal, non consta ningunha alegación á mesma.

Polo que de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLFL, enténdese aprobado definitivamente o acordo adoptado ata entón provisional.

Procede en consecuencia a publicación íntegra da Modificación da Ordenanza Fiscal num. 14 reguladora da Taxa pola Utilización Privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que transcrita literalmente di:

**ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL**

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, cuias normas atienden ó prevenido nos artigos 20 e seguintes do citado Texto Refundido.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo, con:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

a) Valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

b) Entullos, areas, materiais de construcción, camións, camións grúa, bombeadores de forimigón, grúas móviles e outros.

c) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construcción ou residuos.

e) Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa o ambulantes, sempre que se trate de supostos non incluidos no Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Bueu.

f) Postos do mercadiño.

g) Entrada de vehículos a través das beirarrúas.

h) Reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

i) Apertura de xanzas, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

j) Quioscos fixos

*ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.*

1. Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, quen disfruten, utilicen o aproveiten especialmente o dominio público local conforme a algún dos supostos previstos no artigo anterior.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, na taxa establecida pola utilización privativa o aproveitamento especial por entradas de vehículos a través das beirarrúas a que se refire o apartado g) do artigo anterior, os propietarios das fincas o locais a que dan acceso as entradas de vehículos, quen podrán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS.*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

*ARTIGO 5. BASES, TIPOS E COTAS.*

1. As cotas tributarias que correspondan aboar por cada unha das modalidades de aproveitamento do dominio público local reguladas nesta Ordenanza determinanse segundo a cantidade fixa que se establece nos correspondentes epígrafes.

2. As bases impoñibles, no seu caso, son as que se definen nos epígrafes correspondentes a cada tipo de aproveitamento.

3. As tarifas e bases impoñibles serán as seguintes:

*Epígrafe A. —Andamios e outras instalacións análogas*

1. Tomaranse como base impoñible os metros cadrados ou lineais do dominio público local delimitados ou sobrevoados polos elementos determinantes da ocupación e o prazo de duración da mesma.

2. As cotas tributarias, segundo o tipo de elemento e a superficie e prazo da ocupación, serán as seguintes:

| | *0 a 6 meses* | *6 a 12 meses* | *12 a 18 meses* | *Máis de 18 meses* |
|---|---|---|---|---|
| 1. Instalacións apoiadas no solo | 2,24 € | 2,98 € | 4,12 € | 5,62 € |
| – Solo urbano – por cada m2 ou fracción/mes | | | | |
| 2. Instalacións apoiadas no solo | 1,12 € | 1,49 € | 1,87 € | 2,99 € |
| – Resto termo municipal – por cada m2 ou fracción/mes | | | | |
| 3. Instalacións aéreas | 1,12 € | 1,12 € | 1,12 € | 1,12 € |
| – Solo urbano – por cada metro lineal ou fracción/mes | | | | |
| 4. Instalacións aéreas | 0,56 € | 0,56 € | 0,56 € | 0,56 € |
| – Resto termo municipal – por cada metro lineal ou fracción/mes | | | | |
| Os andamios aéreos que estén sobre vallas cotizarán ó 50 por 100. | | | | |

*Epígrafe B. —Mercadorías, entullos, areas, materiais de construcción, camións, camións guindastre, bombeadores de formigón, guindastres e outros.*

1. Tomaranse como base impoñible os metros cadrados ou lineais do dominio público local delimitados polos elementos determinantes da ocupación.

2. As cotas tributarias, segundo la clase de ocupación, a superficie ocupada e o seu prazo, serán as seguintes:

| *Mercadorías* | *Importe* |
|---|---|
| 1. Por cada m2 e día en solo urbano | 0,52 € |
| 2. Por cada m2 e día en resto do termo municipal | 0,30 € |
| *Materiais de construcción, areas e similares* | *Importe* |
| 1. Por cada m2 e día en solo urbano | 0,37 € |
| 2. Por cada m2 e día en resto do termo municipal | 0,19 € |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

| *Entullos* | *Importe* |
|---|---|
| 1. Por cada m2 e día en solo urbano | 0,60 € |
| 2. Por cada m2e día en resto do termo municipal | 0,45 € |
| *Camións, camións guindastre, bombeadores de formigón, e outros* | *Importe* |
| 1. Por cada día | 37,97 € |

| *Guindastres:* | *0 a 6 meses* | *6 a 12 meses* | *12 a 18 meses* | *Máis de 18 meses* |
|---|---|---|---|---|
| Por cada m2 ou fracción/ mes | 7,48 € | 11,23 € | 14,96 € | 22,45 € |

*Epígrafe C. —Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construcción ou residuos*

1. Tomaranse como base impoñible os metros cadrados do dominio público local delimitados polos elementos determinantes da ocupación.

2. As cotas tributarias serán as seguintes:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. Por cada m2 e día en solo urbano | 0,60 € |
| 2. Por cada m2 e día en resto do termo municipal | 0,45 € |

*Epígrafe E. —Postos, barracas, casetas de venda,espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa o ambulantes, non incluidos no Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Bueu*

1. Tomaranse como base impoñible os metros cadrados do dominio público local delimitados polos elementos determinantes da ocupación.

2. As cotas tributarias, segundo a superficie ocupada e o tipo de actividade, serán as seguintes:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. Postos, barracas e casetas de venda ambulante na vía pública (non fixos), de superficie igual o menores de 6 m2, por mes ou fracción. | 25,44 € |
| 2. Postos, barracas e casetas de venda na vía pública (non fixos), de superficie maior de 6 m2, por mes ou fracción | 33,68 € |
| 3. Tómbolas, por m2ou fracción/día | 1,87 € |
| 4. Coches eléctricos, por m2ou fracción/día | 1,12 € |
| 5. Casetas, tiovivos e demáis atraccións, por m2 ou fracción/día | 1,31 € |
| 6. Circos e teatros con capacidade igual ou inferior a 250 espectadores, por día | 37,41 € |
| 7. Circos e teatros con capacidade superior a 250 espectadores, por día | 74,82 € |

*Epígrafe F.—Postos do mercadiño*

1. Tomaranse como base impoñible os metros lineais do dominio público local delimitados polos elementos determinantes da ocupación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

2. A cota tributaria será a seguinte:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. Por cada metro lineal e día | 0,75 € |

*Epígrafe G.—Entrada de vehículos a través das beirarrúas*

1. Tomarase como base impoñible a categoría de aproveitamento de que se trate con independencia da superficie en que se materialice o aproveitamento, distinguindose as seguintes:

1. —Garaxe individual de turismo ou furgoneta

2. —Garaxe individual de autobuses ou camións.

3. —Garaxe.Taller de reparacións.

4. —Garaxe colectivo (máis de dúas prazas) de turismos ou furgonetas.

5. —Garaxe colectivo (máis de dúas prazas) de autobuses ou camións.

2. Tamén se distingue ós efectos de valorar a ocupación, entre duas categorías de vías públicas:

A. Solo urbano

B. Núcleos de poboación cando se faga reserva da entrada a garaxe.

3. As cotas tributarias anuais, en función da categoría do aproveitamento e da vía pública, serán as seguintes:

| *CATEGORÍA APROVEITAMENTO* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *CATEGORÍA RÚA* | *1* | *2* | *3* | *4* | *5* |
| A | 10,28 € | 17,65 € | 20,58 € | 7,11 € | 10,84 € por plaza |
| B | 8,23 € | 14,96 € | 17,95 € | 6,18 € | 8,23 € por plaza |

4. No caso de aparcamentos por tempada, a cota tributaria será a equivalente ó 50 % da tarifa anual en función do número de prazas.

*Epígrafe H.—Reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.*

1. Tomaranse como base impoñible os metros cadrados do dominio público local obxecto de reserva.

2. As cotas tributarias, en función do tipo de reserva, serán as seguintes:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. Reserva para aparcamento exclusivo por m2 ou fracción e ano | 10,28 € |
| 2. Reserva para parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase por m2 ou fracción e ano | 5,99 € |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

*Epígrafe I. —Apertura de xanzas, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.*

1. Tomaranse como base impoñible os metros lineais do dominio público local delimitados polos elementos determinantes da ocupación.

2. As cotas tributarias, en función do tipo de solo, serán as seguintes:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. En solo urbano, por metro lineal | 2,61 € |
| 2. En outros terreos públicos | 0,75 € |

*Epígrafe J.—Quioscos fixos.*

1. Tomarase como base impoñible a clase de mercadorías obxecto de venda, con independencia da superficie ocupada.

2. As cotas tributarias, en función da clase de mercadería, serán as seguintes:

| | *Importe* |
|---|---|
| 1. Quiosco de prensa, por ano ou fracción | 44,89 € |
| 2. Quiosco de xelados, por mes ou fracción | 22,44 € |
| 3. Quiosco de usos varios, por ano ou fracción | 56,12 € |

*ARTIGO 6. DESTRUCCION O DETERIORO*

1. Cando cualquera dos aproveitamentos do dominio público local leve aparellado a súa destrucción ou deterioro, o beneficiario, sen perxuicio do pago da taxa a que dera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción e reparación e ó depósito previo do seu importe.

2. Si os danos foran irreparables, indemnizará nunha contía igual ó valor dos bens destruidos ou ó importe do deterioro causado.

3. No caso de autorizacións para apertura de zanxas, calicatas e calas en terreos de uso público exisirase garantía suficiente para responder da reposición dos pavimentos afectados, de conformidade coa valoración dos técnicos municipais.

*ARTIGO 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

*ARTIGO 8. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO*

A taxa devengase segúndo a natureza do feito impoñible e conforme se determina a seguir:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

a) Nos aproveitamentos temporais o por períodos inferiores ó ano, cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial e o período impositivo comprenderá a temporada ou o tempo autorizado.

b) Nos aproveitamentos permanentes, o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, agás os supostos de comenzo na utilización privativa ou aproveitamento especial, no que se devengará cando se inicie o dito uso ou aproveitamento, e nos de cese no mesmo, casos ambos nos que o período impositivo axustarase a esa circunstancia, prorrateándose a cota por trimestres naturais.

*ARTIGO 9. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACION*

1. Nos supostos de aproveitamento especial contemplados nos epígrafes a), b), c), e) e i) do artigo 2º desta Ordenanza, de duración determinada, os suxeitos pasivos ingresarán, mediante autoliquidación, o importe das taxas correspondentes no momento de presentación da solicitude de autorización e polo tempo solicitado.

No caso de que o tempo inicialmente solicitado fora insuficiente, deberase formular, con anterioridade o seu vencemento, solicitude de continuación do aproveitamento e autoliquidación complementaria.

2. Nos supostos de usos privativos ou aproveitamentos especiais de duración indeterminada previstos nos epígrafes f), g), h) e j) do artigo 2º desta Ordenanza, os suxeitos pasivos deberán ingresar, no momento de presentar a correspondente solicitude, mediante autoliquidación, o importe das taxas correspondentes o primeiro período impositivo.

Para os seguintes períodos impositivos, as liquidacións relativas a estos aproveitamentos incluiranse nos correspondentes padróns periódicos trimestrais ou anuais.

*ARTIGO 10. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende o devandito día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Esta derrogación non afectará, salvo prescripción, ós seguintes dereitos e accións:

- O dereito desta corporación para, salvo prescripción, determinar a débeda tributaria mediantea oportuna liquidación, correspondente a feitos impoñibles que se produciron con anterioridade á data de efectividade da dita supresión.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

- Ás accións desta corporación para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas e para impoñer sancións.
- Ó dereito dos obrigados tributarios á devolución do indebidamente ingresado nas arcas municipais por este concepto tributario.

3º.— No caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLFL, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8S2NRU55Y6K0XU2Q

# Ordenanza Fiscal 15 da Taxa pola Prestación de Servizos dos Cemiterios, publicada no BOPdePo Núm. 250, de venres 30/12/2005

ríodo impositivo comprenderá a temporada ou o tempo autorizado.

b) Nos aproveitamentos permanentes, o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, agás os supostos de comenzo na utilización privativa ou aproveitamento especial, no que se devengará cando se inicie o dito uso ou aproveitamento, e nos de cese no mesmo, casos ambos nos que o período impositivo axustarase a esa circunstancia, prorrateándose a cota por trimestres naturais.

*ARTIGO 9. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACION*

1. Nos supostos de aproveitamento especial contemplados nos epígrafes a), b), c), d), e) e i) do artigo 2º desta Ordenanza, de duración determinada, os suxeitos pasivos ingresarán, mediante autoliquidación, o importe das taxas correspondentes no momento de presentación da solicitude de autorización e polo tempo solicitado.

No caso de que o tempo inicialmente solicitado fora insuficiente, deberase formular, con anterioridade o seu vencemento, solicitude de continuación do aproveitamento e autoliquidación complementaria.

2. Nos supostos de usos privativos ou aproveitamentos especiais de duración indeterminada previstos nos epígrafes f), g), h), j) e k) do artigo 2º desta Ordenanza, os suxeitos pasivos deberán ingresar, no momento de presentar a correspondente solicitude, mediante autoliquidación, o importe das taxas correspondentes o primeiro período impositivo.

Para os seguintes períodos impositivos, as liquidacións relativas a estos aproveitamentos incluiranse nos correspondentes padróns periódicos trimestrais ou anuais.

*ARTIGO 10. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

## ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS

*ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible da Taxa os servicios que se presten no cemiterio municipal:

a) Servicios realizados por persoal municipal: enterramento, exhumación e traslado de cinzas dentro do cemiterio.

b) Concesións temporais dos cinceiros, pateóns e nichos e renovación ou prórroga de ditas concesións.

c) Autorización para transmisións do dereito do dominio ou concesión ou concesión sobre sepulturas ou parcelas entre particulares.

d) Vixilancia, mantenemento e conservación dos enterramentos.

*ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos desta Taxa en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten a concesión ou autorización ou a prestación do servicio e, no seu caso, os titulares dos dereitos regulados nesta Ordenanza.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

*Epígrafe A. Servicios funerarios:*

— Inhumacions:

Enterramento en nicho .......................... 31,42 €

Enterramento en panteón ................... 40,40 €

Traslado de cinzas dentro do cemiterio .......... 38,16 €

— Exhumacions .......... 49,39 €

*Epígrafe B. Concesións:*

— Por período de 5 anos ou fracción:

De nichos, por unidade .......... 44,89 €

De columbario, por unidade .......... 33,68 €

— Por período de 10 anos:

De nichos, por unidade .......... 74,82 €

De columbario, por unidade .......... 56,12 €

— Por período de 75 anos:

De nichos, por unidade .......... 748,26 €

De terreos para construcción nichos . 112,24 €

De terreos para construcción de panteóns, por $m^2$.......... 52,38 €

De columbario, por unidade.......... 389,10 €

*Epígrafe C. Renovacións concesións apartados a e b do epígrafe B:*

— Por nicho, por período de tres anos ou fracción.......... 22,45 €

— De nicho, por período de cinco anos.... 37,41 €

— De columbario, por período de tres anos ou fracción.......... 16,83 €

— De columbario, por período de cinco anos.......... 28,06 €

*Epígrafe D. Troco do dereito de concesión e uso ou aproveitamento estre particulares:*

— De nichos, por unidade .......... 28,06 €

— De panteóns, por unidade.......... 239,43 €

*Epígrafe E. Vixilancia, mantenemento e conservación:*

— Donos e concesionarios de nichos e panteóns, por unidade, e por unha soa vez coincidindo coa licencia de enterramento.......... 6,74 €

*ARTIGO 6. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa que non esten previstas en normas con rango de ley ou deriven da aplicación dos tratados internacionais.

*ARTIGO 7. DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO*

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicia a prestación dos servicios, entendendo a estes efectos que dito inicio se produce coa solicitude dos mesmos.

*ARTIGO 8. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN*

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación. As persoas interesadas na prestación do servicio que constitua o feito impoñible desta taxa, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo, agás no caso de solicitudes de concesións de nichos para cemiterios onde non exista terreo non se esixirá a autoliquidación.

2. Cando se trate de servicios que se presten en sábado, domingo ou festivo, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

3. Nos terreo concedidos para a construcción de nichos deberase instalar unha fileira de catro nichos (catro alturas). En calquer caso, tanto neste suposto como no de construcción de panteóns deberase obter a correspondente licencia urbanística.

4. As concesións, renovacións das concesións e troco sde titularidade de nichos realizarase, agás supostos excepcionais, por duas unidades.

*ARTIGO 9. INFRANCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo á cualificacións de Infrancións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal serán de aplicación as disposicións do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de Galicia, aprobado polo Decreto 134/1998, de 23 de abril, Ley 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende o dia 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

# Ordenanza Fiscal 16 da Taxa por Aproveitamento Especial con Caixeiros Automáticos, publicada no BOPdePo Núm. 26, de venres 07/02/2014

*Segundo.*—De conformidade có disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo provisional, así como o referido texto da Ordenanza Fiscal, exporanse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

*Terceiro.*—Dita exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

*Cuarto.*—En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase defitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Bueu, a 24 de Xaneiro de 2014.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2014000851**

---

**ORDENANZA FISCAL NUM. 16 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS**

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu, na sesión ordinaria celebrada o 2 de Decembro de 2013, adoptou acordo de aprobación provisional da Ordenanza Fiscal num. 16 reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos.

O Anuncio de aprobación provisional foi publicado mediante inserción déste, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 16 de Decembro de 2013, num. 240. e asemade mediante inserción de anuncio no Diario de Pontevedra o 9 de Decembro de 2013.

Rematado o período de exposición pública o 23 de Xaneiro de 2014, e por canto non se presentaron alegacións relacionadas con esta publicación, segundo consta no informe do funcionario responsable do rexistro municipal o 24 de Xaneiro de 2014.

De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdese definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Polo que procede a publicación íntegra do texto da modifificación da Ordenanza Fiscal num. 16. reguladora da Taxa por aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos, que queda como sigue:

**ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.**

*ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Bueu, establece a taxa por aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos a que se refire o artigo 20. 3. i) e j), do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

*ARTICULO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial dos terreos de dominio público local, aínda cando leve a efecto sen a preceptiva licenza ou concesión, derivada de:

a) A instalación de caixeiros automáticos en fachadas por entidades de depósitos ou outras entidades financeiras, de modo que o servizo sexa prestado ao usuario desde a vía pública.
b) A instalación de caixeiros automáticos na vía pública ou terreos municipais por entidades de depósitos ou outras entidades financeiras.

*ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS*

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo favor outorgar as licenzas ou quen se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización, e en calquera caso a entidade financeira titular do caixeiro automático.

*ARTIGO 4. RESPONSABLES*

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA*

De conformidade co disposto no artigo 24.3 Texto Refundido 2/2004, da Lei Reguladora das Facendas Locais, serán de aplicación a seguinte tarifa: 360 €/ano

*ARTIGO 6. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS*

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais, para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internaciones.

*ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO DEVEÑO*

1. O deveño da presente taxa producirase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, aínda cando este leve a efecto sen o oportuno permiso da administración. A estes efectos, presumirase que se inicia o uso privativo ou o aproveitamento especial coa notificación ao interesado da licenza ou autorización para o mesmo, salvo que o acto administrativo autorizado especifique a data de inicio da ocupación.
2. Conforme ao previsto no artigo 26 L.H.L., cando as ocupacións do dominio publico local esixan o deveño periódico da taxa, o mesmo terá lugar o día primeiro de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de alta ou baixa, inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, neses casos o período impositivo axustarase a esa circunstancia co consecuente prorrateo da cota por trimestres naturais. O devandito prorrateo realizarase incluíndo, en todo caso, o trimestre natural completo ao que corresponda o mes en que se produza a alta, baixa, inicio ou cesamento do uso ou aproveitamento especial.

*ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN*

1. As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza para a instalación e formular declaración na que conste a localización do aproveitamento.
2. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndolles as autorizacións que procedan.
3. Unha vez concedida a licenza, ou se proceda ao aproveitamento aínda sen haberse outorgado aquela, o Concello xirará a liquidación tributaria que corresponda, sen que este feito presupoña a concesión da licenza.

4. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado, A tal fin, os suxeito pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel en que se retire a instalación. A presentación da baixa terá efecto a partir do seguinte exercicio.

*ARTIGO 9.*

1. A recadación da taxa en período voluntario, realizarase na forma, prazos e condicións seguintes:

A) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, altas ou aproveitamentos de duración limitada nos que non se esixiu a taxa en réxime de deposito previo, o pago deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos.

   As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de notificación ata o 20 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.

   As notificadas entre o 16 e último de cada mes, desde a data de notificación ata o 20 do segundo mes posterior ou inmediato hábil posterior.

B) Nos sucesivos períodos, unha vez incluída a concesión ou alta nos respectivos rexistros, padróns ou matriculas, o cobro efectuarase nos prazos que se establezan no acordo de aprobación dos rexistros, padróns ou matriculas e nos anuncios de cobranza publicados ó efecto.

*ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS*

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse os preceptos de contidos nos artigos 178 e ss. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, normativa que a desenvolva, e no seu caso, a Ordenanza Xeral de Xestión Inspección e Recadación en vigor aprobada polo Concello.

*DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA*

No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as normas establecidas na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións que, no seu caso, sexan ditadas para a súa aplicación.

*DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Concello Pleno, en sesión celebrada día 02/12/2013, entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da publicación da aprobación definitiva no B.O.P. e seguirá en vigor ata que se acorde a súa derrogación ou modificación expresa.

*Segundo.*—De conformidade có disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo provisional, así como o referido texto da Ordenanza Fiscal, exporanse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

*Terceiro.*—Dita exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

*Quinto.*—En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase defitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Bueu, a 24 de Xaneiro de 2014.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2014000852**

* * *

# Ordenanza Fiscal 17 da Taxa de Aproveitamentos Especiais, publicada no BOPdePo Núm. 194, de mércores 08/10/2014

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Agolada, 26 de setembro de 2014.—O Alcalde, Ramiro Varela Peón. **2014008150**

* * *

## A R B O

ANUNCIO

En resolución da alcaldía nº 300/14, de data 18 de setembro de dous mil catorce, resolveuse o seguinte:

— Delegar dende o exercizo das función da alcaldía, dende o día 19 ao 26 de setembro de 2014, na 1º Tenende de Alcalde dona Salomé Troncoso Vietez, conferindolle todas as atribucións inherentes ao cargo en cuestión.

Arbo, a 19 de setembro de 2014.—1ª Tenente de alcalde, en funcións de alcaldesa (decreto delegación 18.09.14), Salome Troncoso Vieitez. **2014008104**

* * *

## BARRO

ANUNCIO

No negociado de Estadística deste Concello tramítase expediente de baixa por inclusión indebida ás persoas abaixo relacionadas por incumprir o artigo 54 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (R.D. 2612/1996).

Dado que non se ten coñecemento do seu novo enderezo, de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, exponse ó público durante o prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello, ó obxecto de que os afectados poidan presentar ante a Alcaldía as alegacións que considere pertinentes.

Transcorrido o prazo indicado entenderase que renuncia a figurar empadronado neste Concello de Barro e continuarase cos trámites relativos á baixa de oficio.

*Relación que se cita:*

1.—TAMARA PAZ GALMÁN.

Barro, a 26 de setembro de 2014.—O Alcalde, José A. Landín Eirín. **2014008127**

* * *

## B U E U

*ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA*

Ref. R57-14

Ordenanza Fiscal num. 17 Reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituidos no solo, subsolo ou voo, das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministración que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu, na sesión ordinaria celebrada o 2 de Xuño de 2014, adoptou acordo de aprobación provisional da Ordenanza Fiscal num. 17 reguladora da taxa

ppor utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituidos no solo, subsolo ou voo, das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministración que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

O Anuncio de aprobación provisional foi publicado mediante inserción déste, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 30 de xuño de 2014. e asemade mediante inserción de anuncio no Diario de Pontevedra.

Rematado o período de exposición pública o 6 de Agosto de 2014, e por canto non se presentaron alegacións relacionadas con esta publicación, segundo consta no informe do funcionario responsable do rexistro municipal 8 de Agosto de 2014

De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdese definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Polo que procede a publicación íntegra do texto da modifificación da Ordenanza Fiscal num. 17. reguladora da taxa ppor utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituidos no solo, subsolo ou voo, das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministración que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza. que queda como sigue:

*ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS QUE LLE AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DA VECIÑANZA.*

*ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Bueu regula mediante esta ordenanza a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a que se refire o artigo 20. 3, en relación co 24.1, parágrafo terceiro, do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao prevido no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

*ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.*

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.

2. Esta taxa é compatible con calquera outra que poida establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no punto anterior, e queda excluída, polo pago da taxa regulada no punto un deste artigo, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, sempre que a dita utilización privativa ou o aproveitamento especial estea dirixido á instalación, ao mantemento e á reparación das súas redes.

*ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.*

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

*ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.*

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e que realicen a actividade empresarial de explotación, distribución e comercialización de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

*ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.*

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria o importe dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Bueu as referidas empresas, calculados segundo o disposto no artigo 24.1 do Real decreto lexislativo 2/2004.

*ARTIGO 6. TIPO IMPOSITIVO.*

O tipo impositivo que se aplicará á base impoñible para calcular a cota será, en todo caso e sen ningunha excepción, o 1’5 por cento (1,50%).

*ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.*

A taxa xerarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial das vías públicas municipais por parte dun suxeito pasivo que realice a actividade de prestación de servizos de subministracións que lle afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza do concello de Bueu.

Para que poida esixirse esta taxa é preciso que o suxeito realice efectivamente a actividade para o que será imprescindible que obteña ingresos derivados dela no termo municipal de Bueu.

*ARTIGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.*

1. Os suxeitos pasivos presentarán, dentro do mes seguinte á finalización de cada ano natural, unha declaración da totalidade dos ingresos brutos obtidos no termo municipal de Bueu durante o ano anterior e procederán ao ingreso da cota resultante. No caso que a devandita declaración sexa con carácter trimestral, os suxeitos pasivos deberán presentala, no mes seguinte á finalización do devandito periodo

Nesta declaración, os suxeitos pasivos deberán indicar os datos que se detallan a continuación, ao obxecto de que por esta administración municipal practíquese a liquidación correspondente:

a) Importe dos ingresos brutos procedentes da facturación aos consumidores fináis, obtidos no termo municipal de Bueu, con indicación do número de clientes facturados.

b) Importe das cantidades percibidas de terceiros por dereitos de acceso ou interconexión a redes propias, con indicación dos suxeitos que satisfixeron tales cantidades e do importe correspondente a cada un deles.

c) Importe das cantidades abonadas por dereitos de acceso ou interconexión a redes propiedade de terceiros, con indicación dos suxeitos titulares de tales redes e dos importes.

d) Importe, no seu caso, dos ingresos non incluídos na facturación, por ter a consideración de cantidades percibidas por conta de terceiros, con indicación destes.

2. Para permitir a comprobación das declaracións presentadas, as empresas que teñan a condición de suxeito pasivo deberán levar unha contabilidade específica dos ingresos obtidos no termo municipal de Bueu.

*ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.*

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A presente ordenanza, que consta de nove artigos foi aprobada polo Pleno do Concello de Bueu, e entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2015 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

En Bueu a 5 de setembro de 2014.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2014007693**

* * *

## C A N G A S

A N U N C I O

Sometida a exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 65 de data 3 de abril de 2014 o Regulamento dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga do Concello de Cangas, aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Concello Pleno de data 7 de marzo de 2014, sin que se presentaran alegacións, de conformidade co disposto no Artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese aprobado definitivamente, entrando en vigor unha vez publicado o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a aprobación definitiva poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa entrada en vigor.

En cumprimento do disposto no citado Artigo 49, o regulamento referido queda aprobado definitivamente nos seguintes termos:

### REGULAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS RELACIONADOS CO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS

### CAPÍTULO I
### NATUREZA, OBXECTO, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

*ARTIGO 1.—ENTIDADE SUBMINISTRADORA OU CONCESIONARIA*

Para os efectos deste regulamento considérase entidade subministradora ou concesionaria, a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que dedica a súa actividade á distribución domiciliaria de auga potable, e á xestión do saneamento conforme ao establecido na vixente lexislación de Réxime local.

*ARTIGO 2.—OBXECTO DESTE REGULAMENTO*

O presente regulamento ten por obxecto a regulación da prestación das actividades encamiñadas á xestión, explotación e administración sostible de todas as etapas do ciclo integral da auga que comprende tanto os servizos de Abastecemento como os de Saneamento e Depuración.

*ARTIGO 3.—ÁMBITO DE ACTUACIÓN*

O ámbito de actuación é o termo municipal de Cangas do Morrazo (Pontevedra).

# Ordenanza Fiscal da Taxa pola Celebración de Matrimonios Civís, publicada no BOPdePo Núm. 26, de venres 07/02/2020

BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Venres, 7 de febreiro de 2020
Núm. 26

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## BUEU

### Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA MATRIMONIOS CIVÍS*

*ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS, ASÍ COMO A A PROBACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS*

O Pleno da Corporación do Concello de Bueu, en sesión ordinaria celebrada con data 2 de Decembro de 2019 RESOLVE Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola celebración de matrimonios civís, así como aprobar o texto da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola celebración de matrimonios civís, anexo á proposta de Alcaldía asinada con data 20.11.2019, código de validación 3HXMKMYQTMTSYP43ZQGPH75YD

Sometido a exposición pública o presente acordo mediante inserción de anuncio no Tablón de Edictos do Concello, no Boletin Oficial da Provincia de Pontevedra con data 10.12.2019, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia (FARO DE VIGO) con data 13.12.2019).

Examinado o Libro de Rexistro de Entradas deste Concello non consta no período de exposición pública que se presentaran alegacións á Ordenanza reguladora da Taxa pola Celebración de matrimonios civís.

Polo que en base ó anterior, enténdese definitivamente aprobado o acordo provisional, de conformidade co disposto no artigo 17-3 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procedendo en cumprimento do acordado á publicación íntegra do TEXTO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**

*ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola celebración de matrimonios civís, que se regula na presente Ordenanza segundo o disposto no artigo 57 do RDLex. 2/2004.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WESWJ0GHLJAABIH3

*ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE*

1.—Constitúe o feito impoñible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada.

2.—Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gobernativo previo ao matrimonio civil nin a posterior expedición do Libro de Familia.

*ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS*

Os suxeitos pasivos contribuíntes son os contraentes, que quedan obrigados de modo solidario ó seu pagamento, por si mesmos ou ben polos seus representantes.

*ARTIGO 4.—COTA TRIBUTARIA*

1.—A contía da taxa que regula a presente ordenanza fiscal será de 75,00 € por expediente e celebración.

2.—Serán de conta dos contribuíntes os gastos de ornamentación e demais propios da celebración, e reparación das dependencias empregadas en caso de deterioro.

*ARTIGO 5.—DEVENGO E INGRESO*

1.—A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servicio, entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2.—Os solicitantes do servicio están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto polo Concello e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presentar a correspondente solicitude.

3.—No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da ceremonia, os solicitantes desistisen do servicio solicitado, procederase á devolución do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

4.—A celebración de vodas civís estará supeditada aos actos propios do Concello.

*ARTIGO 6.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se aplicará ningunha exención, bonificación nin redución para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa, todo elo de conformidade co artigo 9 e a Disposición Adicional Terceira da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WESWJ0GHLJAABIH3

*ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS*

En todo o relativo ás infraccións tributarias desta ordenanza e á súa cualificación, así como ás sancións que procedan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e a restante normativa de aplicación.

*ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN*

1.—Sen prexuízo da manifestación da vontade dos contraentes –segundo a normativa do Rexistro Civil-, para que o enlace sexa autorizado polo alcalde ou concelleiro en que delegue, deberase formula-la solicitude na que conste o nome, apelidos e DNI de cada contraente, así como o seu lugar de residencia e teléfono de contacto e/ou correo electrónico. Tamén deberá constar a data e hora elixida para a cerimonia, así como, a elección do alcalde/sa ou concelleiro/a que celebrará o enlace, que se terán en conta dentro da dispoñibilidade existente.

2.—Esta solicitude presentarase no Rexistro Xeral do Concello, cunha antelación mínima de 15 días ao da celebración do enlace, mediante escrito asinado por un dos contraentes, ou polo seu representante, dirixido ó alcalde e acompañado dos seguintes documentos:

En todo caso, o xustificante do ingreso da taxa.

Fotocopia do DNI dos contraentes e das dúas persoas que vaian a exercer de testemuñas do matrimonio.

*ARTIGO 9.—RESOLUCIÓN*

O/A alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue resolverán sobre a solicitude, fixando a data e hora de celebración do matrimonio civil e notificaranllo aos interesados/as.

*ARTIGO 10.—ACTO DE CELEBRACIÓN*

No acto de celebración do matrimonio, unha vez cumprimentadas as formalidades previstas na normativa vixente, estenderase un acta que deberá ser asinada polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a autorizante, así como polos contraentes e testemuñas. Un dos exemplares entregaranse aos contraentes. Outro remitirase con carácter inmediato ao Xulgado de Paz de Bueu coa finalidade de que se inscriba o matrimonio no Rexistro Civil e se faga entrega aos casados do Libro de Familia. O terceiro exemplar quedará no Libro de Actas de Casamentos en poder do Concello.

*ARTIGO 11.—ORNAMENTO E LIMPEZA*

1.—Cando o desexen, os/as contraentes poderán ornamentar e acondicionar o Salón de Actos ou a Sala de Xuntas da Casa do Concello, sendo do seu cargo os gastos que de elo se deriven. Deberán comunicalo coa debida antelación para resolver o que proceda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WESWJ0GHLJAABIH3

2.—Co fin de garantir a limpeza e decoro da Casa do Concello, os/as contraentes e convidados/as, ao enlace absteranse de lanzar arroz ou similares no interior do edificio.

*DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada no Salón de Plenos do Concello de Bueu, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Documento asinado electronicamente á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WESWJ0GHLJAABIH3

# Ordenanza Fiscal da Taxa por Actividades e Servizos Relacionados coa Hixiene Pública (LIXO), publicada no BOPdePo Núm. 246, de Luns 22/12/2003

## (e modificacións publicadas en BOPdePo 249 de Venres 28/12/2007, e BOPdePo 243 de Venres 17/12/2021)

## Xestionada polo ORAL da Deputación de Pontevedra a través da Mancomunidade de Concellos do Morrazo

## MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

### ANUNCIO

*ORDENANZA FISCAL: TAXA POR ACTIVIDADES E SERVICIOS RELACIONADOS COA HIXIENE PÚBLICA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/97 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998 do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, a Mancomunidade de Concellos do Morrazo establece a Taxa por Servicios e Actividades relacionados coa Hixiene á que se refire o artigo 20.4 da Lei 39/88 que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó prevenido no artigo 58 da devandita Lei 39/1988, modificado asimesmo polo artigo 66 da Lei 25/1998 do 13 de xullo.

### CAPÍTULO 1º
### FEITO IMPOÑIBLE

*Artigo 1º.—DESCRICIÓN XENÉRICA*

1. Constitúe o feito impoñible da presente Taxa, tanto a prestación dos servicios públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de Salubridade Pública, como a realización daquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do Suxeito Pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, diríxanse á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de Hixiene Pública preexistentes á producción da acción ou omisión.

*Artigo 2º.—MANIFESTACIÓN DO FEITO IMPOÑIBLE*

1.—Integran o feito impoñible, as prestacións de servicios e a realización das actividades que se reseñan seguidamente:

a) A prestación do servicio , de recepción obrigatoria , de xestión de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servicios ou calesquera outras de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento.

A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos ós restos e refugallos de alimentación ou detritos procedentes da limpeza ordinaria de vivendas ou locais, excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial, e materiais de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos e perigosos, e que a súa recollida ou tratamento esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade, tal e como establece a lei 10/1990 de 24 de Abril, ou que non estean comprendidos entre os sinalados pola Ordenanza ou Regulamento do servizo.

b) A utilización das instalacións da Mancomunidade do Morrazo (propias ou conveniadas) para o tratamento daqueles residuos que deban ser recollidos fóra da prestación obrigatoria do servicio e teñan o carácter de residuos asimilables ós urbanos, a efecto de tratamento.

c) A retirada de cadáveres abandoados de animais, xa se atopen na vía pública, xa en lugar privado, o seu transporte, e o posterior tratamento hixiénico-sanitario dos mesmos.

d) Calesquera outras actividades ou servicios que, sen estar comprendidas nas letras anteriores, a súa realización ou prestación pode integrarse no feito impoñible descrito no artigo 1º desta Ordenanza.

2.—Ós efectos da Taxa, é indiferente que o servicio se preste por xestión mancomunada directa –a través de órgano mancomunado ou empresas– ou por concesionario.

### CAPÍTULO 2º
### SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

*Artigo 3º.—CONTRIBUÍNTE*

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que, con referencia ás manifestacións de feito impoñible recollidas no artigo anterior, se atopen nas seguintes posicións:

*1º.—En relación á contida na súa letra a):*

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares en que se preste o servicio, aínda que sexa esporádicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro: usufructuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario.

*2º.—En relación ás contidas na letra b).*

Os solicitantes das correspodentes e preceptivas autorizacións.

*3º.—En relación á contida na letra c):*

Os propietarios dun animal morto que fose abandoado en lugar público ou privado, cando a súa cualidade resulte de Rexistro Administrativo.

Os propietarios ou detentadores por calquera título do lugar público ou privado onde se encontrara o cadáver abandoado do animal, se non se dera a circunstancia prevista no guión anterior.

Os causantes directos da morte do animal, por atropelo ou por outra acción, cando non se deducirá de rexistro administrativo a identidade do propietario do animal morto.

*4º.—En relación ás contidas na letra d):*

Os suxeitos beneficiarios ou afectados pola prestación ou realización dos servicios ou actividades.

*Artigo 4º.—SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE*

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ó que se refire o artigo 3.1º desta Ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as Comunidades de Propietarios –ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan o inmoble- , sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, podan repercuti-las cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servicio, conforme o artigo 23.2 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

*Artigo 5º.—CONCORRENCIA DE SUXEITOS PASIVOS*

A concorrencia de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria na posición de suxeitos

pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á Facenda da Mancomunidade.

*Artigo 6º.—OUTROS RESPONSABLES*

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado no artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

CAPÍTULO 3º

**BENEFICIOS FISCAIS**

*Artigo 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pago da taxa, salvo que por Lei estatal se establecese outra cousa.

